

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

30 de setembro de 2022

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día trinta de setembro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Sra. Presidenta.- Bo día a todas e a todos, iniciamos o Pleno ordinario de 30 de setembro de 2022. Hai presentada por parte do Partido Popular unha solicitude de retirada do punto 8, Aprobación do proxecto modificado da actuación “Camiño escolar seguro ao CEIP Ramiro Sabell de Pontearreas” presentado polo Concello de Pontearreas ao abeiro do Programa, segundo o noso reglamento ten que ser sometido a votación, e o que aduce o Partido Popular é que se retire por agravio comparativo con outros concellos non beneficiarios, no que se obvia que,



por exemplo, o Concello de Valga do Partido Popular, Cerdedo-Cotobade do Partido Popular, Salvaterra do Partido Popular, ou Dozón e outros de outros grupos como Baiona do PSOE, Redondela do PSOE, A Guarda do PSOE, A Cañiza do PSOE, pois O Rosal tamén do BNG, tamén solicitaron modificados, todos eles tiveron informes favorables dos servizos técnicos da Deputación pero o reglamento obriga a que o sometamos a votación así que ¿votos a favor da solicitude feita polo Partido Popular de retirar o punto 8? ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda rexeitada a solicitude. Pasamos polo tanto a orde do día do Pleno.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Faise constar que no transcurso da sesión plenaria houbo varios fallos do sistema de megafonía do Salón de Plenos o que produciu distintas interrupcións no desenvolvemento das intervencións das/os Sras./es Deputadas/os.

1.7854.- **ACTA ANTERIOR**

A votación deste punto prodúcese ó final das intervencións do punto 2 e é como segue:

“Sra. Presidenta.- ... Teño que pedirilles desculpas porque me saltei o punto 1 que é a Aprobación dos borradores das actas das anteriores sesións ordinarias do 29 de xullo e extraordinaria do 9 de setembro do 22. Hai que sometelo a votación. ¿Hai algunha intervención? ¿Aprobamos por unanimidade? Queda aprobado por unanimidade.”

Acórdase por unanimidade aprobar os borradores das actas das anteriores sesións, ordinaria do 29 de xullo e extraordinaria do 9 de setembro, de 2022.

a) Parte resolutiva:

2.7855.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE TRANSMISIÓN AO CONCELLO DE AGOLADA DA TITULARIDADE DE CORENTA E SETE PENDELLOS DO ANTIGO RECINTO FEIRAL DE AGOLADA (EXPTEs. 2022059420-2022017206)**



Sra. Presidenta.- No punto 2. Aprobación inicial do expediente de transmisión ao Concello de Agolada da titularidade de corenta e sete pendellos do antigo recinto feiral de Agolada. Para explicar este proxecto para ceder os pendellos ten a palabra o Sr. Font.

Sr. López Font.- (Non se escoita dende o minuto 00:04:03.15 ata o minuto 00:04:11.11) ... pendellos situados no antigo recinto feiral do Concello de Agolada e declarados bens de interese cultural BIC como conxunto histórico artístico. O propio Concello de Agolada solicitou no mes de marzo deste ano a transmisión da titularidade dos referidos pendellos co obxecto de obter unha maior rapidez na súa intervención e utilización e destinalos a fins de utilidade pública e interese social tales como: celebración de feiras de produtos autóctonos, mostras de artesanía popular, exposicións, eventos gastronómicos, concertos, presentación de libros, club de lectura, obradoiros, mercadillos solidarios, vodas civís, etc. En concreto o fin que busca o Concello é mellorar o desenvolvemento cultural e turístico do municipio asumindo para elo unha serie de obrigas de conservación e mantemento do ben. A cambio a Deputación cederá gratuitamente os 47 postos da súa propiedade que conforman este conxunto histórico artístico valorado en 1,6 millóns de euros, cantidade que resulta de sumar das tres operacións de compra por importe de 133.000€ e das sucesivas obras de rehabilitación realizadas nos últimos anos que supuxeron unha inversión de 1,5 millóns de euros. Así pois, logo dun proceso de depuración rexistral do ben e con todos os informes favorables de Intervención e Secretaría, sometemos a Pleno hoxe a súa cesión tendo en conta que se constata o carácter gratuíto e a existencia dun interese social na súa finalidade. Con esta cesión o Concello de Agolada pasa a ter a propiedade do antigo mercado pero tamén asumirá a obriga de preservalo e adicalo aos fins propostos. Entre as estruturas cedidas atópase a Capela das Virtudes, o Museo, os aseos, así como decenas de pendellos expositores repartidos pola Canela Mayor e a Rúa Parranda. A Deputación volve deste xeito a demostrar a súa vontade de colaboración institucional con todos os concellos da provincia. A partir de agora este mercado medieval reforzará a súa posición como punto de atracción turística pero tamén de actividade socioeconómica de toda a comarca, este mercado medieval único declarado BIC a este paso que damos é sen dúbida un gran paso adiante para poñelo en valor. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Non hai máis solicitudes de palabra, polo tanto someto a votación este Aprobación inicial do expediente de transmisión ao



Concello de Agolada da titularidade de 47 pendellos do antigo recinto feiral da Golada. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade. Teño que pedirllas desculpas porque me saltei o punto 1 que é a Aprobación dos borradores das actas das anteriores sesións ordinarias do 29 de xullo e extraordinaria do 9 de setembro do 22. Hai que sometelo a votación. ¿Hai algunha intervención? ¿Aprobamos por unanimidade? Queda aprobado por unanimidade.

A Deputación de Pontevedra é propietaria de corenta e sete pendellos que se relacionan a continuación, situados no antigo recinto feiral do Concello de Agolada e declarados Bens de Interese Cultural (BIC) como conxunto histórico artístico:

Nº	Nº pendello	ID Concello USO	Ref. catastral	Dirección
01	2	Pendello Comedor	0450302NH8305S0001DS	Rúa Parranda, 10
02	3A	Capela das Virtudes	0450303NH8305S0001XS	Rúa Parranda, 12
03	3B			
04	5	Pendello	0450306NH8305S0001ES	Canella Parranda, 18
05	6	Pendello	0450305NH8305S0001JS	Canella Parranda, 16
06	7	Expositor cuberto	0450304NH8305S0001IS	Rúa Parranda, 12 (D)
07	8	Pendello	0450401NH8305S0001IS	Rúa Parranda, 14
08	9		0450402NH8305S0001JS	Canella Parranda, 1
09	10			
10	13	Pendello (2 plantas)	0451702NH8305S0001AS	Canella Mayor, 2(P)
11	14	Pendello (2 plantas)	0451703NH8305S0001BS	Rúa Parranda, 27
12	15	Pendello (2 plantas)	0451704NH8305S0001YS	Rúa Parranda, 25
13	16	C Pendello	0451705NH8305S0001GS	Rúa Parranda, 23
14	17	Museo (2 plantas)	0451801NH8305S0001YS	Rúa Parranda, 21
15	18	Expositor cuberto	0451946NH8305S0001IS	Canella Mayor
16	19			
17	20	Expositor cuberto	0451945NH8305S0001XS	Canella Mayor, 11
18	22	Aseos	0451943NH8305S0001RS	Canella Mayor, 43 (P)
19	23	Pendello	0451942NH8305S0001KS	Rúa Parranda, 5
20	24			
21	25	Pendello	0451103NH8305S0001LS	Rúa Parranda, 3
22	29	Expositor cuberto	0451918NH8305S0001ZS	Canella Mayor, 14
23	30	Expositor cuberto	0451917NH8305S0001SS	Canella Mayor, 12
24	32	Expositor	0451931NH8305S0001GS	Canella Mayor
25	33	Expositor	0451932NH8305S0001QS	Canella Mayor
26	34	Expositor	0451933NH8305S0001PS	Canella Mayor



Nº	Nº pendello	ID Concello USO	Ref. catastral	Dirección
27	36	Expositor cuberto	0451935NH8305S0001TS	Canella Mayor
28	37	Pendello	0451936NH8305S0001FS	Canella Mayor, 31
29	41	Pendello (2 plantas)	0451939NH8305S0001KS	Canella Mayor, 39(P)
30	42	2 Pendellos	0451927NH8305S0001YS	Canella Mayor, 29
31	43	Pendello	0451928NH8305S0001GS	Canella Mayor, 22
32	44	Pendello	0451926NH8305S0001BS	Canella Mayor, 27
33	45	K Pendello	0451925NH8305S0001AS	Canella Mayor, 25
34	48	Cuberto	0451922NH8305S0001US	Canella Mayor, 20
35	49	Pendello	0451924NH8305S0001WS	Canella Mayor, 23
36	50		0451923NH8305S0001HS	Canella Mayor, 21
37	54	Pendello e exp cuberto	0451916NH8305S0001ES	Canella Mayor, 41
38	55	Pendello e exp cuberto	0451915NH8305S0001JS	Canella Mayor, 39
39	56	Pendello e exp cuberto	041914NH8305S0001IS	Canella Mayor, 37
40	57	Pendello e exp cuberto	0451913NH8305S0001XS	Canella Mayor, 35
41	58	Expositor cuberto	0451912NH8305S0001DS	Canella Mayor, 35
42	60	Pendello C_eléctrico	0451204NH8305S0001OS	Canella Mayor, 7
43	62	Pendello	0451908NH8305S0001RS	Canella Mayor, 6
44	63	Pendello	0451907NH8305S0001KS	Canella Mayor, 4
45	64	Pendello	0451906NH8305S0001OS	Canella Mayor, 10
46	70	Expositor cuberto	Parte de: 0451937NH8305S0001MS	Canella Mayor
47	71	Expositor cuberto	Parte de: 0451937NH8305S0001MS	Canella Mayor

Resultando que o Concello de Agolada a través de escrito de data 23/03/2022 e memoria complementaria de data 05/04/2022 solicitou á Deputación a transmisión da titularidade dos referidos pendellos co obxecto de obter unha maior rapidez na súa intervención e utilización e destinalos a fins de utilidade pública e interese social, tales como celebración de feiras de produtos autóctonos, mostras de artesanía popular, exposicións, eventos gastronómicos, concertos, presentación de libros, club de lectura, obradoiros, mercadillos solidarios, vodas civís, etc., co obxecto de mellorar o desenvolvemento cultural e turístico do municipio.

Resultando que en data 08/04/2022 o Sr. Deputado delegado da Área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL da Deputación de Pontevedra dita



providencia de incoación de expediente para a transmisión ó Concello de Agolada da titularidade dos pendellos.

Resultando que consta no expediente informe de valoración dos pendellos emitido pola xefa de Servizo de Arquitectura en data 12/04/2022 que establece un valor total do conxunto dos 47 pendellos de 1.663.265,78 euros.

Resultando que consta no expediente informe do técnico adxunto á xefatura de Servizo de Contratación Facenda e Patrimonio de data 11/05/2022 relativo á situación física e xurídica dos inmobles e ó procedemento para a súa transmisión ó Concello (CSV: TDQ51RHK7MGJF5GH).

Resultando que en data 20/05/2022 o Secretario Xeral emite informe preceptivo (CSV: Z4JPCLWP8SIWJXWU) que conclúe o seguinte:

“(...) CONCLUSIÓN:

- *Préstase conformidade á proposta de cesión da titularidade de 47 pendellos da Deputación ao Concello de Agolada, tendo en conta o informe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e no que se constata o carácter gratuito e a existencia dun interese social na súa finalidade.*

Debería contarse coa conformidade do Concello de Agolada do convenio no que se sustenta a presente cesión, dada a existencia dunha serie de obrigas e compromisos das partes.

- *Previamente á súa aprobación, procede á fiscalización de Intervención, dada a afección patrimonial que o expediente supón (art. 214 do TRLFL e art. 7 do RD 424/2017, de 28 de abril).*

- *O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno, requiríndose o quórum da maioría absoluta para elo. En canto á sinatura do convenio, correspóndelle á Presidenta”.*

Resultando que en data 24/05/2022 a Intervención emite informe de fiscalización do expediente (CSV: 1K161N8335FVQP5G) que conclúe o seguinte:

“(...) CONCLUSIÓNS:

Á vista do exposto infórmase favorablemente o expediente, debendo incluírse na proposta de acordo a obriga de inclusión do Convenio na relación certificada anual de convenios a remitir ao Tribunal de Contas.



Con carácter previo á sinatura do Convenio e acta de entrega incorporárase ao expediente o certificado do acordo do concello cesionario aceptando as condicións correspondentes”.

Resultando que o Pleno do Concello de Agolada na sesión celebrada en data 23/08/2022 acordou aprobar o texto do Convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Concello para a formalización da transmisión de titularidade ó concello dos 47 pendellos.

Considerando o establecido nos artigos 33.2.ñ) e 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de transmisión da titularidade ao Concello de Agolada dos corenta e sete (47) pendellos situados no antigo recinto feiral de Agolada que se relacionan a continuación, para destinalos a fins de utilidade pública e interese social, tales como celebración de feiras de produtos autóctonos, mostras de artesanía popular, exposicións, eventos gastronómicos, concertos, presentación de libros, club de lectura, obradoiros, mercadillos solidarios, vodas civís, etc., co obxecto de mellorar o desenvolvemento cultural e turístico do municipio:

Nº plan o (*)	Nº pendello	ID Concello USO	Ref. catastral	Dirección
01	2	Pendello Comedor	0450302NH8305S0001DS	Rúa Parranda, 10
02	3A	Capela das Virtudes	0450303NH8305S0001XS	Rúa Parranda, 12
03	3B			
04	5	Pendello	0450306NH8305S0001ES	Canella Parranda, 18
05	6	Pendello	0450305NH8305S0001JS	Canella Parranda, 16
06	7	Expositor cuberto	0450304NH8305S0001IS	Rúa Parranda, 12 (D)
07	8	Pendello	0450401NH8305S0001IS	Rúa Parranda, 14
08	9		0450402NH8305S0001JS	Canella Parranda, 1
09	10			
10	13	Pendello plantas) (2)	0451702NH8305S0001AS	Canella Mayor, 2(P)
11	14	Pendello plantas) (2)	0451703NH8305S0001BS	Rúa Parranda, 27
12	15	Pendello plantas) (2)	0451704NH8305S0001YS	Rúa Parranda, 25



Nº plan o (*)	Nº pendello	ID Concello USO	Ref. catastral	Dirección
13	16	C Pendello	0451705NH8305S0001GS	Rúa Parranda, 23
14	17	Museo (2 plantas)	0451801NH8305S0001YS	Rúa Parranda, 21
15	18	Expositor cuberto	0451946NH8305S0001IS	Canella Mayor
16	19			
17	20	Expositor cuberto	0451945NH8305S0001XS	Canella Mayor, 11
18	22	Aseos	0451943NH8305S0001RS	Canella Mayor, 43 (P)
19	23	Pendello	0451942NH8305S0001KS	Rúa Parranda, 5
20	24			
21	25	Pendello	0451103NH8305S0001LS	Rúa Parranda, 3
22	29	Expositor cuberto	0451918NH8305S0001ZS	Canella Mayor, 14
23	30	Expositor cuberto	0451917NH8305S0001SS	Canella Mayor, 12
24	32	Expositor	0451931NH8305S0001GS	Canella Mayor
25	33	Expositor	0451932NH8305S0001QS	Canella Mayor
26	34	Expositor	0451933NH8305S0001PS	Canella Mayor
27	36	Expositor cuberto	0451935NH8305S0001TS	Canella Mayor
28	37	Pendello	0451936NH8305S0001FS	Canella Mayor, 31
29	41	Pendello (2 plantas)	0451939NH8305S0001KS	Canella Mayor, 39(P)
30	42	2 Pendellos	0451927NH8305S0001YS	Canella Mayor, 29
31	43	Pendello	0451928NH8305S0001GS	Canella Mayor, 22
32	44	Pendello	0451926NH8305S0001BS	Canella Mayor, 27
33	45	K Pendello	0451925NH8305S0001AS	Canella Mayor, 25
34	48	Cuberto	0451922NH8305S0001US	Canella Mayor, 20
35	49	Pendello	0451924NH8305S0001WS	Canella Mayor, 23
36	50		0451923NH8305S0001HS	Canella Mayor, 21
37	54	Pendello e exp cuberto	0451916NH8305S0001ES	Canella Mayor, 41
38	55	Pendello e exp cuberto	0451915NH8305S0001JS	Canella Mayor, 39
39	56	Pendello e exp cuberto	041914NH8305S0001IS	Canella Mayor, 37
40	57	Pendello e exp cuberto	0451913NH8305S0001XS	Canella Mayor, 35
41	58	Expositor cuberto	0451912NH8305S0001DS	Canella Mayor, 35
42	60	Pendello C_eléctrico	0451204NH8305S0001OS	Canella Mayor, 7
43	62	Pendello	0451908NH8305S0001RS	Canella Mayor, 6
44	63	Pendello	0451907NH8305S0001KS	Canella Mayor, 4
45	64	Pendello	0451906NH8305S0001OS	Canella Mayor, 10
46	70	Expositor cuberto	Parte de: 0451937NH8305S0001MS	Canella Mayor



Nº plan o (*)	Nº pendello	ID Concello USO	Ref. catastral	Dirección
47	71	Expositor cuberto	Parte de: 0451937NH8305S0001MS	Canella Mayor

Plano de localización dos pendellos no recinto da feira antiga de Agolada (*)



SEGUNDO.- Este acordo de aprobación inicial do expediente exporase ó público para os efectos de alegacións e reclamacións, por un período de vinte días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.



No caso de que non se formulasen alegacións ou reclamacións ó expediente durante o prazo de exposición pública, a transmisión de titularidade dos pendellos a favor do Concello de Agolada entenderase definitivamente aprobada.

TERCEIRO.- Aprobar o texto do Convenio entre a Deputación e o Concello no que debe formalizarse a transmisión de titularidade, cuxo teor literal é o seguinte:

“CONVENIO, ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE AGOLADA, PARA A TRANSMISIÓN DA TITULARIDADE DE CORENTA E SETE PENDELLOS, SITUADOS NO ANTIGO RECINTO FEIRAL DE AGOLADA, A FAVOR DO CONCELLO.

REUNIDOS:

Dunha parte, a Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, Dona M^a Carmen Silva Rego, actuando no nome e representación desa institución provincial, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 61.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Doutra parte, Don Luis Calvo Miguélez, Alcalde-Presidente do Concello de Agolada (Pontevedra), en nome e representación da corporación municipal que lle confire o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Actúan Don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e Don _____ en calidade de Secretario Xeral do Concello de Agolada, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións públicas e, para estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación Provincial de Pontevedra é titular do pleno dominio de 47 “pendellos de Agolada” situados no recinto da feira antiga de Agolada que figuran inscritos no Inventario de Bens e Dereitos da Deputación co seguinte detalle:

Nº Inventario	Descrición	Natureza xurídica	Observacións
1.2.000023	40 pendellos	Dominio público	Pendellos nº: 2, 3A, 3B, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 23, 24, 25, 29, 32, 33, 34, 36,41, 42, 44, 45, 48, 49, 50, 54, 55,56, 57, 62,63, 70,71



1.1.000082	Pendello de Agolada nº 22	Dominio público	Pendello nº 22
1.1.000083	Pendello de Agolada nº 30	Dominio público	Pendello nº 30
1.1.000084	Pendello de Agolada nº 37	Dominio público	Pendello nº 37
1.1.000085	Pendello de Agolada nº 43	Dominio público	Pendello nº 43
1.1.000086	Pendello de Agolada nº 58	Dominio público	Pendello nº 58
1.1.000087	Pendello de Agolada nº 60	Dominio público	Pendello nº 60
1.1.000088	Pendello de Agolada nº 64	Dominio público	Pendello nº 64

A relación, detalle, localización e valoración dos 47 pendellos de Agolada propiedade da Deputación son os seguintes:

Nº plano (*)	Nº pendello	ID Concello USO	Ref. catastral	Dirección	Estado
01	2	Pendello Comedor	0450302NH8305S0001DS	Rúa Parranda, 10	REHABILITADO Pav: empedrado novo Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
02	3A	Capela das Virtudes	0450303NH8305S0001XS	Rúa Parranda, 12	REHABILITADO Pav: empedrado orix. Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
03	3B				
04	5	Pendello	0450306NH8305S0001ES	Canella Parranda, 18	REHABILITADO Pav: terreo compact. Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
05	6	Pendello	0450305NH8305S0001JS	Canella Parranda, 16	REHABILITADO Pav: terreo compact. Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
06	7	Expositor cuberto	0450304NH8305S0001IS	Rúa Parranda, 12 (D)	REHABILITADO Pav: terreo compact. Cub: madeira e tella



Nº plano (*)	Nº pendello	ID Concello USO	Ref. catastral	Dirección	Estado
07	8	Pendello	0450401NH8305S0001IS	Rúa Parranda, 14	REHABILITADO Pav: empedrado novo Carp: madeira e vidro
08	9		0450402NH8305S0001JS	Canella Parranda, 1	Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
09	10				
10	13	Pendello (2 plantas)	0451702NH8305S0001AS	Canella Mayor, 2(P)	REHABILITADO Pav: emp. novo/mad. Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum. Preinst auga e sanea.
11	14	Pendello (2 plantas)	0451703NH8305S0001BS	Rúa Parranda, 27	REHABILITADO Pav: emp. novo/mad. Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum. Preinst auga e sanea.
12	15	Pendello (2 plantas)	0451704NH8305S0001YS	Rúa Parranda, 25	REHABILITADO Pav: emp. novo/mad. Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum. Preinst auga e sanea.
13	16	Pendello	0451705NH8305S0001GS	Rúa Parranda, 23	REHABILITADO Pav: emp. novo/mad. Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
14	17	Museo (2 plantas)	0451801NH8305S0001YS	Rúa Parranda, 21	REHABILITADO Pav: emp. novo/mad. Carp: orixinal rehab. Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum. Inst. auga e saneam.
15	18	Expositor cuberto	0451946NH8305S0001IS	Canella Mayor	REHABILITADO Pav: soleira Cub: madeira e tella
16	19				
17	20	Expositor cuberto	0451945NH8305S0001XS	Canella Mayor, 11	REHABILITADO Pav: soleira Cub: madeira e tella
18	22	Aseos	0451943NH8305S0001RS	Canella Mayor, 43 (P)	REHABILITADO Pav: pizarra Carp: madeira e vidro



Nº plano (*)	Nº pendello	ID Concello USO	Ref. catastral	Dirección	Estado
					Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum. Inst. auga e saneam.
19	23	Pendello	0451942NH8305S0001KS	Rúa Parranda, 5	REHABILITADO
20	24				Pav: empedrado novo Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
21	25	Pendello	0451103NH8305S0001LS	Rúa Parranda, 3	REHABILITADO Pav: empedrado novo Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
22	29	Expositor cuberto	0451918NH8305S0001ZS	Canella Mayor, 14	REHABILITADO Pav: empedrado orix. Cub: madeira e tella
23	30	Expositor cuberto	0451917NH8305S0001SS	Canella Mayor, 12	REHABILITADO Pav: empedrado orix. Cub: madeira e tella
24	32	Expositor	0451931NH8305S0001GS	Canella Mayor	Consolidación pedras exp.
25	33	Expositor	0451932NH8305S0001QS	Canella Mayor	Consolidación pedras exp.
26	34	Expositor	0451933NH8305S0001PS	Canella Mayor	Consolidación pedras exp.
27	36	Expositor cuberto	0451935NH8305S0001TS	Canella Mayor	REHABILITADO Pav: empedrado orix. Cub: madeira e tella
28	37	Pendello	0451936NH8305S0001FS	Canella Mayor, 31	SEN REHABILITAR Só porta de madeira
29	41	Pendello (2 plantas)	0451939NH8305S0001KS	Canella Mayor, 39(P)	REHABILITADO Pav: emp. novo/mad. Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
30	42	2 Pendellos	0451927NH8305S0001YS	Canella Mayor, 29	REHABILITADOS Pav: terreo compact. Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
31	43	Pendello	0451928NH8305S0001GS	Canella Mayor, 22	



Nº plano (*)	Nº pendello	ID Concello USO	Ref. catastral	Dirección	Estado
32	44	Pendello	0451926NH8305S0001BS	Canella Mayor, 27	REHABILITADO Pav: empedrado Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
33	45	Pendello	0451925NH8305S0001AS	Canella Mayor, 25	REHABILITADO Pav: soleira Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
34	48	Cuberto	0451922NH8305S0001US	Canella Mayor, 20	As tres propiedades están unidas: REHABILITADO
35	49	Pendello	0451924NH8305S0001WS	Canella Mayor, 23	Pav: soleira Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
36	50		0451923NH8305S0001HS	Canella Mayor, 21	
37	54	Pendello e exp cuberto	0451916NH8305S0001ES	Canella Mayor, 41	REHABILITADO Pav: soleira / emped. Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
38	55	Pendello e exp cuberto	0451915NH8305S0001JS	Canella Mayor, 39	REHABILITADO Pav: soleira / emped. Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
39	56	Pendello e exp cuberto	041914NH8305S0001IS	Canella Mayor, 37	REHABILITADO Pav: soleira / emped. Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
40	57	Pendello e exp cuberto	0451913NH8305S0001XS	Canella Mayor, 35	REHABILITADO Pav: soleira / emped. Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
41	58	Expositor cuberto	0451912NH8305S0001DS	Canella Mayor, 35	REHABILITADO Pav: soleira / emped. Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.



Nº plano (*)	Nº pendello	ID Concello USO	Ref. catastral	Dirección	Estado
42	60	Pendello C.eléctrico	0451204NH8305S0001OS	Canella Mayor, 7	REHABILITADO Pav: empedrado Carp: madeira e vidro Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
43	62	Pendello	0451908NH8305S0001RS	Canella Mayor, 6	REHABILITADO Pav: soleira Carp: madeira Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
44	63	Pendello	0451907NH8305S0001KS	Canella Mayor, 4	REHABILITADO Pav: soleira Carp: madeira Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
45	64	Pendello	0451906NH8305S0001OS	Canella Mayor, 10	REHABILITADO Pav: soleira Carp: madeira Cub: madeira e tella Inst. eléct. e ilum.
46	70	Expositor cuberto	Parte de: 0451937NH8305S0001MS	Canella Mayor	Forman parte de un expositor corrido cuberto. REHABILITADOS Pav: empedrado Cub: madeira e tella
47	71	Expositor cuberto	Parte de: 0451937NH8305S0001MS	Canella Mayor	Forman parte de un expositor corrido cuberto. REHABILITADOS Pav: empedrado Cub: madeira e tella



(*) Plano de localización dos pendellos no recinto da feira antiga de Agolada



II.- Os pendellos de Agolada están declarados como Bens de Interese Cultural (BIC), conxunto histórico artístico segundo Decreto 93/1985 de data 2 de maio de 1985.

III.- En data 23 de marzo do 2022, tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial escrito do Concello de Agolada (núm. entrada WEB2022015691), no que solicita a cesión en propiedade dos 47 pendellos propiedade da Deputación, situados no antigo recinto feiral de Agolada, co obxecto de obter unha maior rapidez na súa intervención e utilización. En complemento a dita solicitude, con data 5 de abril do 2022, o Concello achega memoria xustificativa (núm. entrada WEB2022020001), na que propón destinalos a distintos fins de utilidade pública e interese social en beneficio dos seus habitantes, co obxecto de mellorar o desenvolvemento cultural e turístico do municipio, tales como celebración de feiras de produtos autóctonos, mostras de artesanía popular, exposicións, eventos gastronómicos, concertos, presentación de libros, club de lectura, obradoiros, mercadillos solidarios, vodas civís, etc.

IV.- A asunción da titularidade dos pendellos por parte do Concello de Agolada permitirá mellorar a súa xestión como patrimonio propio do concello e optimizar deste xeito os usos públicos que se pretenden realizar nos mesmos coas actividades propostas. Esta transmisión redundará de forma positiva nas persoas habitantes do concello así como nas persoas visitantes



que acudan ós mesmos. O Concello de Agolada conta cos medios necesarios para o cumprimento dos fins e actividades que se pretenden con esta transmisión dos pendellos.

V.- En data 8 de abril de 2022 o Sr. Deputado delegado da Área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL da Deputación de Pontevedra, emite orde de incoación de expediente para a cesión dos pendellos a favor do concello.

VI.- A valoración económica total dos pendellos ascende a un total de **1.663.265,78 €** segundo informe técnico do Servizo de Arquitectura da Deputación de data 12/04/2022 (CSV: Q2CQEJSDEPZFAKB3), que obra no expediente.

VII.- O Pleno do Concello de Agolada, en sesión celebrada o 23/08/2022 aprobou o Convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Agolada para a transmisión da titularidade dos pendellos.

VIII.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión celebrada o ___/___/___ aprobou o convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Agolada para a transmisión da titularidade dos pendellos.

IX.- A transmisión patrimonial dos pendellos formalízase mediante o presente convenio con fundamento legal no artigo 186 e seguintes da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e no artigo 29.3 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo exposto, ambas Administracións Públicas, no uso das súas atribucións e competencias, acordan subscribir o presente convenio, e a tal efecto se obrigan de acordo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto do presente Convenio a formalización da transmisión de titularidade da Deputación de Pontevedra a favor do Concello de Agolada de corenta e sete pendellos do vello recinto feiral de Agolada relacionados no apartado expositivo primeiro do presente convenio, e na súa virtude:

- Dona M^a del Carmen Silva Rego, actuando no nome e representación que ostenta da Deputación de Pontevedra, transfere e entrega ó Concello de Agolada, a titularidade dos 47 pendellos de Agolada que se relacionan no apartado expositivo primeiro deste convenio para dedicalos a distintos fins de utilidade pública e interese social que redunden en beneficio da veciñanza do Concello de Agolada, e promovan o desenvolvemento cultural e turístico do municipio, tales como celebración de feiras de produtos autóctonos, mostras de artesanía popular, exposicións, eventos gastronómicos, concertos, presentación de libros, club de lectura, obradoiros, mercadillos solidarios, vodas civís, etc.



- D. Luis Calvo Miguélez, Alcalde-Presidente do Concello de Agolada acepta e adquire a titularidade dos 47 pendellos de Agolada para dedicalos ós usos públicos comprometidos.

Os pendellos transmítense en concepto de corpo certo, coa situación física e xurídica actual, e no seu estado actual de conservación, que o Concello de Agolada coñece e acepta renunciando a calquera reclamación ó respecto.

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES

As obrigas que asume a Deputación de Pontevedra son as seguintes:

- Transmitir ó Concello de Agolada a titularidade dos 47 pendellos relacionados no apartado expositivo primeiro do presente convenio.
- Dar de baixa no Inventario provincial os pendellos unha vez formalizada a transmisión dos mesmos.

As obrigas que asume o Concello de Agolada son as seguintes:

- Aceptar a transmisión da titularidade dos pendellos relacionados no expoñendo II do presente convenio e asumir a súa titularidade desde a data da sinatura da acta de transmisión dos pendellos establecida na cláusula cuarta do presente convenio.
- Asumir a plena propiedade dos pendellos e todas as obrigas inherentes á titularidade dos mesmos.
- Asumir a obriga de realizar todas as actuacións necesarias para a regularización física e xurídica e inscrición no Rexistro da Propiedade dos pendellos, en cumprimento co establecido no artigo 73 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e artigo 125.2 do Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Incorporar os pendellos ó patrimonio municipal unha vez formalizada a transmisión dos mesmos.
- Destinar os pendellos a fins de utilidade pública e interese social que redunden en beneficio da veciñanza do Concello de Agolada, e promovan o desenvolvemento cultural e turístico do municipio: celebración de feiras de produtos autóctonos, mostras de artesanía popular, exposicións, eventos gastronómicos, concertos, presentación de libros, club de lectura, obradoiros, mercadillos solidarios, vodas civís, etc.

TERCEIRA.- REVERSIÓN DOS BENS OBXECTO DA MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA

No caso que os bens inmobles obxecto da presente transmisión non se destinaran ós usos ou servizos públicos comprometidos polo Concello de Agolada, ou ben deixasen de destinarse ós mesmos, considerarase resolta a mutación demanial subxectiva tramitada e os pendellos reverterán á Deputación de Pontevedra con todas as melloras realizadas sobre os mesmos, que



adquire ademais, no seu caso, o dereito de percibir do Concello de Agolada o valor dos detrimentos sufridos nos bens transmitidos.

CUARTA.- FORMALIZACIÓN DA ENTREGA E RECEPCIÓN DOS PENDELLOS

Unha vez formalizado o presente convenio, nun prazo non superior a 2 meses, procederase a asinar un acta de entrega dos pendellos por parte da Deputación ó Concello de Agolada.

QUINTA. NON SUXECCIÓN A IMPOSTOS DA TRANSMISIÓN

A transmisión de titularidade obxecto do presente convenio non está suxeita ó Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos documentados por razón subxectiva, nin ó Imposto sobre o valor engadido (IVE).

Pola Deputación de Pontevedra Polo Concello de Agolada”

CUARTO.- Incluír o Convenio indicado no apartado anterior na relación certificada anual de convenios a remitir ao Tribunal de Contas.

QUINTO.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra, para que en nome e representación desta Corporación, proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo.

3.7856.- **ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO QUE REGULA AS OBRAS DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DESTA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2022059424-2022025822-2021053554)**

Sra. Presidenta.- E agora me paso o 3 despois de ter votado o 2. O punto 3. Adxudicación do Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria desta Deputación provincial. Ten a palabra o Sr. Gregorio Agís para informar sobre este proxecto.

Sr. Agís Gómez.- *(Non se escoita dende o minuto 00:07:59.09 ata o minuto 00:08:54.09)* ... Moitas gracias Presidenta. Logo de que por primeira vez na historia da Deputación se aprobara un Convenio marco para a subministración de cunetas tendidas, un elemento de seguridade que se incorporou ás actuacións nas estradas provinciais durante o pasado mandato con magníficos resultados, e unha gran acollida por parte dos concellos, da veciñanza que reside no entorno das estradas provinciais e, por tanto das persoas que camiñan. Se configura un Acordo marco dividido en tres lotes: Zona Norte, Centro e Sur segundo a actual zonificación dos



sistemas de conservación e explotación da rede provincial, cunha duración inicial dun ano prorrogable ata catro anos, a execución está prevista para cada ano arredor de dous millóns de euros repartida da seguinte forma: no Lote 1 da Zona Norte, 665.125€, cunha, aproximada, unha lonxitude de cunetas de 5.146 metros; na Zona Centro por un importe de 738.228€ cunha lonxitude de cunetas do arredor de 5.766 metros; e no Lote 3 da Zona Sur, un importe de 595.975€ para unha lonxitude de 4.562 metros. Quero recordar ademais que este traballo nace da colaboración da Deputación cos concellos xa que son estos os que nos sinalaron e priorizaron as zonas máis propicias para este tipo de actuación, aínda que tecnicamente estamos a falar de obras de conservación e instalación de cunetas tendidas, é unha obra que transforma as estradas, aumenta a plataforma e reforza a seguridade dos peóns. As cunetas tendidas están a ser un novo paso na aposta da Deputación pola seguridade viaria e polo modelo de mobilidade integral do século XXI. Cómpre remarcar tamén que se instalan sempre xunto con outros elementos redutores de velocidade, elementos que garanten a seguridade das persoas que camiñan. Falamos en suma dunha solución técnica que xurde cando a alguén se lle ocorre que as cunetas poden ter outra función, poden ter ademais da función de drenaxe lonxitudinal nas estradas pode servir tamén para mellor a seguridade viaria, aumentar a plataforma e suavizando o seu perfil funcionan tamén como un elemento de paso peonil. Así hoxe cada vez máis van substituíndo aquelas cunetas profundas e perigosas que ademais estaban case sempre cegadas e, por tanto non cumprían os obxectivos, ademais da esixencia de mantemento que requirían. En conclusión esta é unha aposta pola seguridade viaria e por potenciar que así as persoas poidan transitar polas beiras das vías provinciais naqueles tramos nos que resulta case imposible facer obras de urbanización, ou reurbanización ou facer sendas peonís. Grazas.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Agís. Non hai máis palabras polo que someto este punto 3, Adxudicación do acordo marco que regula as obras de cunetas e seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Resultando.- Que de acordo co disposto na Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, correspóndelle á Deputación de Pontevedra as labores de construción e explotación das estradas provinciais. Dentro destas, ten especial relevancia promover a seguridade viaria mediante a implantación de cunetas de seguridade nas marxes da rede provincial, cunetas que, posibilitan estradas máis amables para peóns e ciclistas.



Resultando.- Que o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais prevé, dentro dos seus obxectivos, dar un impulso importante á implantación de cunetas de seguridade nas marxes da rede provincial, cunetas que, ademais de plasmar a filosofía de “estradas que perdoan” dentro da formulación “sistema seguro”, posibilitan estradas máis amables para peóns e ciclistas.

Resultando.- Que en xullo de 2021 o xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Francisco Alonso Fernández e o director de Infraestruturas e Vías Provinciais, Daniel Romay Díaz redactaron o prego de prescricións técnicas con código CSV: SCCBPIXT00S8JBGU no que se definen os traballos a realizar e establecer as condicións que han de rexer o contrato “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que as actuacións deste “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra” teñen como ámbito de actuación os máis de 1.650 km. da rede provincial e céntrase na mellora da seguridade viaria mediante a execución de cunetas de seguridade en diferentes puntos do viario provincial. Estas cunetas non só melloran a drenaxe lonxitudinal das estradas mediante a evacuación das augas pluviais, senón que permiten ao condutor reconducir a súa traxectoria en caso de saída da calzada, así como evitar posibles obstáculos nas cunetas.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe do xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade do Deputado Delegado desa área, ó que se xunta o citado prego de prescricións técnicas, solicitando se inicien os trámites para a conclusión o “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra” cun orzamento base de licitación de 1.999.329,52 €, distribuídos en tres lotes, onde se integran as estradas provinciais agrupadas por concellos (punto 13.-Alcance Territorial do PPTP), si ben, hai concellos compartidos por varias zonas, distribuídos da seguinte maneira:

LOTES	IMPORTE	IVE (21%)	OBL
LOTE 1 (ZONA NORTE)	549.690,49 €	115.435,00 €	665.125,49 €
LOTE 2 (ZONA CENTRO)	610.106,24 €	128.122,31 €	738.228,55 €
LOTE 3 (ZONA SUR)	492.541,72 €	103.433,76 €	595.975,48 €
TOTAL	1.652.338,45 €	346.991,07 €	1.999.329,52 €



Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os documentos RC número 202200060392 por importe de 665.125,49 € para o lote 1 (Zona Norte), RC núm. 202200060393 por importe de 738.228,55 € para o lote 2 (Zona Centro) e RC núm. 202200060394 por importe de 595.975,48 € para o lote 3 (Zona Sur). Os contratos derivados do acordo marco serán financiados, no exercicio 2022, con cargo á aplicación 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto (total 3 lotes 1.999.329,52 €).

Resultando.- Que a contía total das obras que se vaian realizar ao abeiro deste Acordo Marco non se pode definir con exactitude ao tempo de celebralo, por estar subordinada ás necesidades da Deputación.

Resultando.- Que os proxectos de obras que se vaian a aprobar, estarán formados pola memoria valorada presentada para a realización de cada obra, ás que se lle asignará un código CSV, máis o prego de prescricións técnicas aprobado co expediente, que tamén terá asignado un CSV.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/04/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 3 de xuño de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 07/07/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a conclusión do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

A Mesa de Contratación acordou admitir ás seguintes empresas nos seguintes lotes:



EMPRESAS	LOTES
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U. (B88586920)	1-2-3
CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS S.L. (B36147429)	1-2-3
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. (B15410608)	1-2-3
XÉRMOLO, S.A. (A36022374)	1-2-3
FCO. GÓMEZ Y CIA S.L. (B15009533)	1-2-3
MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L. (B36130649)	2
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B36533537)	1-2-3
CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A. (A36008886)	1-2-3
CIVIS GLOBAL, S.L.U.(B36684157)	1-2-3
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (B36258861)	1-2-3
UTE NAROM SL - AUDECA	1-2-3

Resultando.- Que a Mesa de contratación na mesma reunión procedeu á apertura dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a conclusión do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que a Mesa acordou trasladar a documentación descargada do sobres “B”, ós técnicos de Infraestruturas, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Resultando.- Que o Xefe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Rosendo Alonso Fernández, con data 15 de xullo de 2022, emitiu os correspondentes informes relativos á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores para os lotes números, 1, 2 e 3, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LOTE 1: ZONA NORTE			
LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACIÓN "TOTAL"
UTE NAROM AUDECA	23,00	4,00	27,00



CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	14,00	3,00	17,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	23,00	4,00	27,00
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	14,00	4,00	18,00
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	14,00	3,00	17,00
CIVIS GLOBAL, S.L.U.	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	4,00	24,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.	18,00	4,00	22,00
XÉRMOLO, S.A.	18,00	3,00	21,00
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	18,00	4,00	22,00

LOTE NÚMERO 2: ZONA CENTRO			
LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN "TOTAL"
MONTAJES J.M IGLESIAS S.L.	26,00	3,00	29,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	23,00	4,00	27,00
UTE: NAROM S.L. - AUDECA S.L.U	23,00	4,00	27,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	4,00	24,00
CONSTRUCCIONES FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA S.L.	18,00	4,00	22,00
EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L.	18,00	4,00	22,00
CIVIS GLOBAL S.L.	18,00	3,00	21,00
XÉRMOLO S.A.	18,00	3,00	21,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	14,00	4,00	18,00
CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L.	14,00	3,00	17,00
ELSAMEX, GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	14,00	3,00	17,00



Lote número 3: ZONA SUR			
LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACIÓN "TOTAL"
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	23,00	4,00	27,00
UTE: NAROM S.L. - AUDECA S.L.U	23,00	4,00	27,00
CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	4,00	24,00
CONSTRUCCIONES FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA S.L.	18,00	4,00	22,00
EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L.	18,00	4,00	22,00
CIVIS GLOBAL S.L.	18,00	3,00	21,00
XÉRMOLO S.A.	18,00	3,00	21,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	14,00	4,00	18,00
CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L.	14,00	3,00	17,00
ELSAMEX, GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	14,00	3,00	17,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 21/07/2022 en base ós informes do Xefe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Rosendo Alonso Fernández, de data 15 de xullo de 2022, acordou prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas nos lote números 1 (Zona norte), 2 (Zona centro) e 3 (Zona sur) do procedemento aberto convocado para a contratación do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra".

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra".

Os valores ofertados para o lote 1 foron os seguintes:



LICITADORES	SOBRE C (LOTE 1)				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
UTE NAROM AUDECA	512.091,66 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	502.417,11 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	518.358,13 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	527.702,87 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	511.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CIVIS GLOBAL, S.L.U.	493.732,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	549.690,49 €	3%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	507.749,11 €	3%	36 MESES	SI	SI
XÉRMOLO, S.A.	521.014,37 €	3%	36 MESES	NO	NO
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	499.503,75 €	3%	36 MESES	SI	SI

Os valores ofertados para o lote 2 foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE C (LOTE 2)				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
UTE NAROM AUDECA	561.480,77 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	549.400,67 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	569.229,12 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	585.701,99 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	571.100,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CIVIS GLOBAL, S.L.U.	550.620,88 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	610.106,24 €	3%	36 MESES	SI	SI
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	576.489,39 €	3%	36 MESES	SI	SI



LICITADORES	SOBRE C (LOTE 2)				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	558.735,29 €	3%	36 MESES	SI	SI
XÉRMOLO, S.A.	572.279,65 €	3%	36 MESES	NO	NO
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	549.583,70 €	3%	36 MESES	SI	SI

Os valores ofertados para o lote 3 foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE C (LOTE 3)				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
UTE NAROM AUDECA	457.177,22 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	453.630,92 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	452.645,84 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	487.616,30 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	471.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CIVIS GLOBAL, S.L.U.	439.889,01 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	492.541,72 €	3%	36 MESES	SI	SI
FRANCISGO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	447.621,92 €	3%	36 MESES	SI	SI
XÉRMOLO, S.A.	457.324,99 €	3%	36 MESES	NO	NO
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	440.233,79 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a Mesa procedeu á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. (Lotes 2 e 3), CIVIS GLOBAL, S.L., (Lotes 1, 2 e 3) e CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (Lote 2), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e



condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, non consta que a empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta, polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.- Que as empresas EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. e CIVIS GLOBAL, S.L., presentaron a xustificación no prazo, dando traslado da documentación ó Servizo de Infraestruturas a fin de que avaliara a mesma, emitindo o xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas, os preceptivos informes na data 09/08/2022, recollendo en ambos que as empresas NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria), presentadas polas mesmas, e NON debe de ser tidas en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 18/08/2022, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LOTE 1: ZONA NORTE					
LICITADORES	SOBRE "C"				PUNTUACIÓN SOBRE "C"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
UTE NAROM /AUDECA	21,38	5,00	5,00	5,00	36,38
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	26,34	5,00	5,00	5,00	41,34
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	18,05	5,00	5,00	5,00	33,05
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	12,67	5,00	5,00	5,00	27,67
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	21,94	5,00	5,00	5,00	36,94
CONSTRUCCIONES	0,00	5,00	5,00	5,00	15,00



LOTE 1: ZONA NORTE					
LICITADORES	SOBRE "C"				PUNTUACIÓN SOBRE "C"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
OBRAS E VIAIS, S.A.					
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.	23,60	5,00	5,00	5,00	38,60
XÉRMOLO, S.A.	16,52	5,00	5,00	5,00	31,52
EXPLOTACIO- NES GALLEGAS, S.L.	27,84	5,00	5,00	5,00	42,84

LOTE 2: ZONA CENTRO					
LICITADORES	SOBRE "C"				PUNTUACIÓN SOBRE "C"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
UTE NAROM AUDECA	24,55	5,00	5,00	5,00	39,55
CONSTRUCCIO- NES FECHI, S.L.U.	20,93	5,00	5,00	5,00	35,93
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIO- NES DE AROSA, S.L.	12,70	5,00	5,00	5,00	27,70
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUC- TURAS, S.L.	20,05	5,00	5,00	5,00	35,05
CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	0,00	5,00	5,00	5,00	15,00
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	17,49	5,00	5,00	5,00	32,49
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	25,84	5,00	5,00	5,00	40,84
XÉRMOLO, S.A.	19,50	5,00	5,00	0,00	29,50

LOTE 3: ZONA SUR					
LICITADORES	SOBRE "C"				PUNTUACIÓN SOBRE "C"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
UTE NAROM AUDECA	22,41	5,00	5,00	5,00	37,41



LOTE 3: ZONA SUR					
LICITADORES	SOBRE "C"				PUNTUACIÓN SOBRE "C"
	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	24,41	5,00	5,00	5,00	39,41
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	24,97	5,00	5,00	5,00	39,97
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	3,22	5,00	5,00	5,00	18,22
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	14,06	5,00	5,00	5,00	29,06
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	0,00	5,00	5,00	5,00	15,00
FRANCISGO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	27,81	5,00	5,00	5,00	42,81
XÉRMOLO, S.A.	22,32	5,00	5,00	0,00	32,32

Resultando.- Que en función das puntuación obtidas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 18/08/2022 acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para a conclusión do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, que queda da seguinte forma:

LOTE 1: ZONA NORTE				
POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	22,00	42,84	64,84
2	UTE NAROM /AUDECA	27,00	36,38	63,38
3	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	22,00	38,60	60,60
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	27,00	33,05	60,05
5	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	17,00	41,34	58,34
6	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	17,00	36,94	53,94
7	XÉRMOLO, S.A.	21,00	31,52	52,52



LOTE 1: ZONA NORTE				
POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
8	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	27,67	45,67
9	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	24,00	15,00	39,00

LOTE 2: ZONA CENTRO				
POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	UTE NAROM AUDECA	27,00	39,55	66,55
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	27,00	35,93	62,93
3	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	22,00	40,84	62,84
4	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	29,00	32,49	61,49
5	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	17,00	35,05	52,05
6	XÉRMOLO, S.A.	21,00	29,50	50,50
7	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	27,70	45,70
8	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	24,00	15,00	39,00

LOTE 3: ZONA SUR				
POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	27,00	39,97	66,97
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	22,00	42,81	64,81
3	UTE NAROM AUDECA	27,00	37,41	64,41
4	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	17,00	39,41	56,41
5	XÉRMOLO, S.A.	21,00	32,32	53,32
6	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	17,00	29,06	46,06
7	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	24,00	15,00	39,00
8	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	18,22	36,22



Resultando.- Que de conformidade coa clasificación aprobada, a Mesa de Contratación na mesma reunión, acordou propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a conclusión do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra” as seguintes empresas:

LOTE	EMPRESA	IMPORTE (IVE INCLUÍDO)
1	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	492.541,72 €
2	UTE NAROM-AUDECA, S.L.	561.480,77 €
3	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	452.541,72 €

Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2022006006 de data 19/08/2022, aceptouse a proposta da Mesa de Contratación adoptada na súa reunión de data 18/08/2022 para a conclusión do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que as empresas EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L.U. e CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. cumpren as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, non concorrencia das prohibicións de contratar, quedando acreditada salvo proba en contrario a clasificación esixida e o cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a tenor do reflectido no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que requiridas as citadas empresas para que aportaran a documentación xustificativa, estas aportaron a mesma, comprobando que cumpren os requisitos de clasificación, capacidade e solvencia recollidos no PCAP, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva, segundo o detalle que se relata a continuación:

EMPRESA	NÚMERO OPERACIÓN	IMPORTE
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	202200175202	24.975,19 €
AUDECA, S.L.U.	202200176902	14.037,02 €



NAROM, S.L.	202200176909	14.037,02 €
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	202200172749	22.632,29 €

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

1. Excluír as ofertas presentadas polas empresas EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. (Lote 2 e 3), CIVIS GLOBAL (Lotes 1, 2 e 3) e CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (Lote 2), pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Adxudicar o “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, en función da porcentaxe de baixa ofertada polas empresas para cada lote, de acordo co seguinte detalle:



LOTE 1- ZONA NORTE

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADA
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	9,130 %

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

LOTE 2- ZONA CENTRO

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADA
UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L.	7,970 %

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A adxudicación deste lote queda condicionada a que as empresas integrantes da UTE aporten a escritura pública de formalización da mesma antes da formalización do contrato.

LOTE 3- ZONA SUR

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADA
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	8,100 %

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

3. Delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e a adxudicación dos contratos baseados así como todas as cuestións relacionadas coa execución dos contratos baseados neste acordo marco (suspensión, prórrogas, penalidades, etc., ...).

O prazo de duración do acordo marco será de UN ANO a contar dende a súa formalización.

O prazo de execución dos contratos baseados virá determinado coa aprobación do proxecto e adxudicación do contrato baseado no acordo marco, e computaranse a partir da data de formalización da correspondente acta de comprobación de replanteo.



4.7857.- **APROBACIÓN DO REAXUSTE NO FINANCIAMENTO DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE LIMPEZA DOS CENTROS E SERVIZOS DESTA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2022059425-2022035707-2018058000)**

Sra. Presidenta.- No punto 4. Aprobación do reaxuste no financiamento da primeira prórroga do contrato de limpeza dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra. Non hai solicitadas palabras, polo tanto someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada na data 27/05/2022 acordou aprobar a 1ª prórroga dos Lotes 1, 2, 3, 4 e 5 do contrato para a prestación do “*Servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” para o período que vai desde o 1 de xuño de 2022 ata o 31 de maio de 2023 permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Resultando.- Que por medio do acordo 6.7507, con data 30 de outubro de 2021, o Pleno da corporación provincial aprobou a *Modificación do Lote nº 4 (ORAL) do contrato de prestación do “Servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra”* ó obxecto de ampliar o servizo para que se leve a cabo a limpeza diaria nas oficinas periféricas do ORAL nas que non se viña prestando ata o momento, durante o período restante do contrato (CSV: D4H2IYGQ7VUM6R9H).

O importe da modificación do Lote nº 4 do contrato representa un incremento de 51.390,70€ (42.471,65€ máis 8.919,05€ correspondentes ó IVE) o que supón un 24% de incremento respecto do prezo primitivo do Lote nº 4 do contrato sen IVE.

Resultando.- Que con data 19 de febreiro de 2021 a Xunta de Goberno Provincial acordou aprobar a *Modificación do Lote nº 1 (Servizos Centrais) do contrato de prestación do “Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra”* ó obxecto de incrementar o tempo destinado á limpeza da Finca Mouriscade en 30 minutos diarios a maiores dos servizos que se viñan prestando, durante o período restante do contrato (CSV: FTPN3ZK40FCWMVO4).



O importe da modificación do Lote nº 1 do contrato representa un incremento de 2.897,99€ (2.395,03€ máis 502,96€ correspondentes ó IVE) o que supón un 0,22% de incremento respecto do prezo primitivo do Lote nº 1 do contrato sen IVE.

Resultando.- Que con data 9 de xullo a Xunta de Goberno Provincial acordou aprobar a *Modificación nº 3 do Lote nº 1 (Servizos Centrais) do contrato de prestación do “Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra”* con motivo do cese da prestación do Servizo de limpeza nos parques comarcais de maquinaria de Codeseda (A Estrada) con efectos do 31 de xaneiro de 2021 e de Pontearreas con efectos do 31 de marzo de 2021 (CSV: RAO97T17922SRV8Q).

Resultando.- Con data 23 de xuño de 2022 o Pleno provincial acordou corrixir o erro detectado no acordo nº 3.7795 adoptado na sesión do día 27 de maio de 2022 relativo ao financiamento da prórroga do contrato para a prestación do “Servizo de limpeza dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra” (CSV: KY9C2DHII37ZJPRY), indicando que o importe do gasto, para toda a duración da prórroga do contrato é de 1.686.087,37€ (IVE engadido) que se financiará conforme ao seguinte:

	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe para o ano 2022 (01/06-31/12/2022)			Importe para o ano 2023 (01/01-31/05/2023)			
		Base Imponible	IVE	Importe 2022 (IVF engadido)	Base Imponible	IVE	Importe 2023 (IVF engadido)	
		87.990,56€	18.478,02€	106.468,58€	62.850,40€	13.198,58€	76.048,98€	
LOTE 1	PAZO PROVINCIAL							
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO	920.9200.227.00	42.838,18€	8.996,02€	51.834,20€	30.598,70€	6.425,73€	37.024,43€
	SEDE VIGO		19.542,67€	4.103,96€	23.646,63€	13.959,05€	2.931,40€	16.890,45€
	EF AREEIRO	413.4123.227.00	38.302,46€	8.043,52€	46.345,98€	27.358,90€	5.745,37€	33.104,27€
	ESCOLA CANTERIA	324.3243.227.00	14.753,06€	3.098,14€	17.851,20€	10.537,90€	2.212,96€	12.750,86€
	EDIFICIO APÉROS SOUTOMAIOR	410.4100.227.00	11.400,13€	2.394,03€	13.794,16€	8.142,95€	1.710,02€	9.852,97€
	IMPRENTA PROVINCIAL	924.9240.227.00	9.207,05€	1.933,61€	11.141,27€	6.576,90€	1.381,15€	7.958,05€
	SERVIZO MOBILIDADE	466.4630.227.00	13.153,98€	2.762,34€	15.916,32€	9.395,70€	1.973,10€	11.368,80€
	SERVIZO ASISTENCIA INTERMUNICIPAL	923.9233.227.00	5.147,48€	1.079,97€	6.227,40€	3.673,20€	771,37€	4.444,57€
	SERVIZO PATRIMONIO DOCUMENTALE	332.3322.227.00	25.077,71€	5.266,32€	30.344,03€	17.912,55€	3.761,66€	21.674,21€
	FINCA MOURISCADE	411.4120.227.00	17.460,94€	3.665,80€	21.127,74€	12.472,10€	2.659,14€	15.051,24€
	VIVEROS EMPRESAS CSAE	942.4301.227.00	4.623,05€	971,01€	5.594,06€	3.302,75€	693,58€	3.996,33€
LOTE 2	PALACETE DAS MENDOZA ORZAMENTAIRA	433.4320.227.00	30.870,98€	6.482,91€	37.353,89€	22.050,70€	4.630,65€	26.681,35€
	PIT PEINADOR		426,58€	89,58€	516,16€	304,70€	63,99€	368,69€
	CÁSTEL O SOUTOMAIOR	433.3360.227.00	448,63€	94,21€	542,84€	320,45€	67,29€	387,74€
LOTE 3	MUSEO DE PONTEVEDRA	333.3330.227.00	70.000,00€	14.700,00€	84.700,00€	50.000,00€	10.500,00€	60.500,00€
LOTE 4	SERVIZOS CENTRAIS ORAL	932.9320.227.00	27.157,97€	5.703,17€	32.861,14€	19.398,55€	4.073,70€	23.472,25€
	OFICINAS PERIFERICAS ORAL		40.286,48€	8.460,79€	48.750,27€	28.778,20€	6.043,42€	34.821,62€
LOTE 5	CENTRO PRINCIPE REIPE	231.2312.227.00	301.145,81€	63.210,62€	364.386,43€	215.104,15€	45.171,87€	260.216,02€
			812.852,34€	170.698,93€	983.550,97€	580.608,63€	122.927,80€	712.536,41€



En relación co orzamento aprobado detéctase que non se tivo en conta o importe do gasto correspondente ao 10% previsto no punto 23. *Servizos Extraordinarios* do prego de cláusulas administrativas polo que se propón ao Pleno provincial aprobar o reaxuste do financiamento coas seguintes cantidades ao obxecto de poder facer fronte aos posibles servizos extraordinarios que xurdan:

	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe para o ano 2022				Importe para o ano 2023				
		Base Imponible	IVE	Importe 2022 (IVE engadido)	10% con IVE (servizos extraordinarios)	Base Imponible	IVE	Importe 2023 (IVE engadido)	10% con IVE (servizos extraordinarios)	
LOTE 1	PAZO PROVINCIAL	87.990,56 €	18.478,02 €	106.468,58 €	10.646,86 €	62.850,40 €	13.198,58 €	76.048,98 €	7.604,90 €	
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO	920.9200.227.00	42.838,18 €	8.996,02 €	51.834,20 €	5.183,42 €	30.598,70 €	6.425,73 €	37.024,43 €	3.702,44 €
	SEDE VIGO		19.542,67 €	4.103,96 €	23.646,63 €	2.364,66 €	13.959,05 €	2.931,40 €	16.890,45 €	1.689,05 €
	EF AREIRO	413.4123.227.00	38.302,46 €	8.043,52 €	46.345,98 €	4.634,60 €	27.358,90 €	5.745,37 €	33.104,27 €	3.310,43 €
	ESCOLA CANTERIA	324.3243.227.00	14.753,06 €	3.098,14 €	17.851,20 €	1.785,12 €	10.537,90 €	2.212,96 €	12.750,86 €	1.275,09 €
	EDIFICIO APEROS SOUTO MAIOR	410.4100.227.00	11.400,13 €	2.394,03 €	13.794,16 €	1.379,42 €	8.142,95 €	1.710,02 €	9.852,97 €	985,30 €
	IMPRENTA PROVINCIAL	924.9240.227.00	9.207,66 €	1.933,61 €	11.141,27 €	1.114,13 €	6.576,90 €	1.381,15 €	7.958,05 €	795,80 €
	SERVIZO MOBILIDADE	456.4530.227.00	13.153,98 €	2.762,34 €	15.916,32 €	1.591,63 €	9.395,70 €	1.973,10 €	11.368,80 €	1.136,88 €
	SERVIZO ASISTENCIA INTERMUNICIPAL	923.1623.227.00	5.142,48 €	1.079,92 €	6.222,40 €	622,24 €	3.673,20 €	771,37 €	4.444,57 €	444,46 €
	SERVIZO PATRIMONIO DOCUMENTAL E FINCA MOURISCADE	332.3322.227.00	25.077,71 €	5.266,32 €	30.344,03 €	3.034,40 €	17.912,65 €	3.761,66 €	21.674,31 €	2.167,43 €
	VIVEROS EMPRESAS	942.4330.227.00	27.257,86 €	5.724,15 €	32.982,01 €	3.298,20 €	19.469,90 €	4.088,68 €	23.558,58 €	2.355,86 €
	CSAE	942.4331.227.00	4.623,85 €	971,01 €	5.594,86 €	559,49 €	3.302,75 €	693,58 €	3.996,33 €	399,63 €
	LOTE 2	PALACETE DAS MENDOZA	30.870,98 €	6.482,91 €	37.353,89 €	3.735,39 €	22.050,70 €	4.630,65 €	26.681,35 €	2.668,13 €
OIT ARMENTEIRA		433.4320.227.00	426,58 €	89,58 €	516,16 €	51,62 €	304,70 €	63,99 €	368,69 €	36,87 €
PIT PEINADOR		448,63 €	94,21 €	542,84 €	54,28 €	320,45 €	67,29 €	387,74 €	38,77 €	
LOTE 3	CASTELO SOUTO MAIOR	433.3360.227.00	25.761,05 €	5.409,82 €	31.170,87 €	3.117,09 €	18.400,75 €	3.864,16 €	22.264,91 €	2.226,49 €
LOTE 3	MUSEO DE PONTEVEDRA	333.3330.227.00	70.000,00 €	14.700,00 €	84.700,00 €	8.470,00 €	50.000,00 €	10.500,00 €	60.500,00 €	6.050,00 €
LOTE 4	SERVIZOS CENTRAIS ORAL	932.9320.227.00	27.157,97 €	5.703,17 €	32.861,14 €	3.286,11 €	19.398,55 €	4.073,70 €	23.472,25 €	2.347,22 €
	OFICINAS PERIFERICAS ORAL		40.289,48 €	8.460,79 €	48.750,27 €	4.875,03 €	28.778,20 €	6.043,42 €	34.821,62 €	3.482,16 €
LOTE 5	CENTRO PRINCIPE FELIPE	232.2312.227.00	301.145,81 €	63.240,62 €	364.386,43 €	36.438,64 €	215.104,15 €	45.171,87 €	260.276,02 €	26.027,60 €

Resultando que con data 19 de setembro de 2022 a Intervención emite os seguintes documentos RC e RCFUT por medio dos que queda acreditada a existencia de crédito para facer fronte aos posibles gastos relativos aos servizos extraordinarios que xurdan durante a prórroga do contrato:



		Importe para o ano 2022		Importe para o ano 2023		
	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	10% con IVE (servizos extraordinarios)	DOCUMENTO RC	10% con IVE (servizos extraordinarios)	DOCUMENTO RC FUT ₁	
LOTE 1	PAZO PROVINCIAL	920.9200.227.00	10.646,86 €	202200183727	7.604,90 €	202200183748
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO		5.183,42 €	202200183668	3.702,44 €	202200183750
	SEDE VIGO		2.364,66 €	202200183672	1.689,05 €	202200183751
	EF AREEIRO	413.4123.227.00	4.634,60 €	202200183674	3.310,43 €	202200183752
	ESCOLA CANTERIA	324.3243.227.00	1.785,12 €	202200183675	1.275,09 €	202200183753
	EDIFICIO APEROS SOUTOMAIOR	410.4100.227.00	1.379,42 €	202200183680	985,30 €	202200183754
	IMPRESA PROVINCIAL	924.9240.227.00	1.114,13 €	202200183684	795,80 €	202200183755
	SERVIZO MOBILIDADE	456.4530.227.00	1.591,63 €	202200183685	1.136,88 €	202200183756
	SERVIZO ASISTENCIA INTERMUNICIPAL	923.1623.227.00	622,24 €	202200183687	444,46 €	202200183757
	SERVIZO PATRIMONIO DOCUMENTAL E	332.3322.227.00	3.034,40 €	202200183692	2.167,43 €	202200183758
	FINCA MOURISCADE	410.4120.227.00	2.112,77 €	202200183703	1.509,12 €	202200183759
	VIVEROS EMPRESAS	942.4330.227.00	3.298,20 €	202200183697	2.355,86 €	202200183760
	CSAE	942.4331.227.00	559,49 €	202200183699	399,63 €	202200183762
LOTE 2	PALACETE DAS MENDOZA	433.4320.227.00	3.735,39 €	202200183730	2.668,13 €	202200183779
	OIT ARMENTEIRA		51,62 €	202200183731	36,87 €	202200183775
	PIT PEINADOR		54,28 €	202200183732	38,77 €	202200183776
	CASTELO SOUTOMAIOR		433.3360.227.00	3.117,09 €	202200183733	2.226,49 €
LOTE 3	MUSEO DE PONTEVEDRA	333.3330.227.00	8.470,00 €	202200183734	6.050,00 €	202200183782
LOTE 4	SERVIZOS CENTRAIS ORAL	932.9320.227.00	3.286,11 €	202200183736	2.347,22 €	202200183783
	OFICINAS PERIFERICAS ORAL		4.875,03 €	202200183737	3.482,16 €	202200183784
	CENTRO PRINCIPE FELIPE		232.2312.227.00	36.438,64 €	202200183740	26.027,60 €

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

1.- Autorizar o gasto correspondente ao importe máximo anual en concepto de servizos extraordinarios (10% por lote) que poidan xurdir durante a primeira prórroga dos Lotes 1, 2, 3, 4 e 5 do contrato para a prestación do “*Servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*”.

O importe do antedito gasto é de 168.608,74€ (IVE engadido). Poderá dispoñerse do mesmo unha vez que sexa aprobado polo Pleno provincial e ata o 31 de maio de 2023. Financiaranse conforme á seguinte distribución, quedando os importes previstos para o ano 2023 condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas respectivas aplicacións orzamentarias así como á aprobación do correspondente orzamento provincial:



	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe para o ano 2022				Importe para o ano 2023					
		Base Imponible	IVE	Importe 2022 (IVE engadido)	10% con IVE (servizos extraordinarios)	Base Imponible	IVE	Importe 2023 (IVE engadido)	10% con IVE (servizos extraordinarios)		
LOTE 1	PAZO PROVINCIAL		87.990,56 €	18.478,02 €	106.468,58 €	10.646,86 €	62.850,40 €	13.198,58 €	76.048,98 €	7.604,90 €	
	EDIFICIO ADMINISTRATIVO SEDE VIGO	920.9200.227.00	42.838,18 €	8.996,02 €	51.834,20 €	5.183,42 €	30.598,70 €	6.425,73 €	37.024,43 €	3.702,44 €	
	EF AREEIRO	413.4123.227.00	19.542,67 €	4.103,96 €	23.646,63 €	2.364,66 €	13.959,05 €	2.931,40 €	16.890,45 €	1.689,05 €	
	ESCOLA CANTERIA	324.3243.227.00	38.302,46 €	8.043,52 €	46.345,98 €	4.634,60 €	27.358,90 €	5.745,37 €	33.104,27 €	3.310,43 €	
	EDIFICIO APEROS SOUTO MAIOR	410.4100.227.00	14.753,06 €	3.098,14 €	17.851,20 €	1.785,12 €	10.537,90 €	2.212,96 €	12.750,86 €	1.275,09 €	
	IMPRENTA PROVINCIAL	924.9240.227.00	11.400,13 €	2.394,03 €	13.794,16 €	1.379,42 €	8.142,95 €	1.710,02 €	9.852,97 €	985,30 €	
	SERVIZO MOBILIDADE INTERMUNICIPAL	456.4530.227.00	9.207,66 €	1.933,61 €	11.141,27 €	1.114,13 €	6.576,90 €	1.381,15 €	7.958,05 €	795,80 €	
	SERVIZO PATRIMONIO DOCUMENTAL E	923.1623.227.00	456.4530.227.00	13.153,98 €	2.762,34 €	15.916,32 €	1.591,63 €	9.395,70 €	1.973,10 €	11.368,80 €	1.136,88 €
	FINCA MOURISCAD E	332.3322.227.00	5.142,48 €	1.079,92 €	6.222,40 €	622,24 €	3.673,20 €	771,37 €	4.444,57 €	444,46 €	
	VIVEROS EMPRESAS	410.4120.227.00	25.077,71 €	5.266,32 €	30.344,03 €	3.034,40 €	17.912,65 €	3.761,66 €	21.674,31 €	2.167,43 €	
	CSAE	410.4120.227.00	17.460,94 €	3.666,80 €	21.127,74 €	2.112,77 €	12.472,10 €	2.619,14 €	15.091,24 €	1.509,12 €	
	PALACETE DAS MENDOZA	433.3360.227.00	30.870,98 €	6.482,91 €	37.353,89 €	3.735,39 €	22.050,70 €	4.630,65 €	26.681,35 €	2.668,13 €	
	OT ARMENTEIRA	433.3360.227.00	426,58 €	89,58 €	516,16 €	51,62 €	304,70 €	63,99 €	368,69 €	36,87 €	
	PIT PEINADOR	433.3360.227.00	448,63 €	94,21 €	542,84 €	54,28 €	320,45 €	67,29 €	387,74 €	38,77 €	
	LOTE 2	MUSEO DE PONTEVEDRA	333.3330.227.00	25.761,05 €	5.409,82 €	31.170,87 €	3.117,09 €	18.400,75 €	3.864,16 €	22.264,91 €	2.226,49 €
LOTE 3	SERVIZOS CENTRAIS	932.9320.227.00	70.000,00 €	14.700,00 €	84.700,00 €	8.470,00 €	50.000,00 €	10.500,00 €	60.500,00 €	6.050,00 €	
LOTE 4	ORAL OFICINAS PERIFERICAS ORAL	932.9320.227.00	27.157,97 €	5.703,17 €	32.861,14 €	3.286,11 €	19.398,55 €	4.073,70 €	23.472,25 €	2.347,22 €	
LOTE 5	CENTRO PRINCIPE FELIPE	232.2312.227.00	40.289,48 €	8.460,79 €	48.750,27 €	4.875,03 €	28.778,20 €	6.043,42 €	34.821,62 €	3.482,16 €	
			301.145,81 €	63.240,62 €	364.386,43 €	36.438,64 €	215.104,15 €	45.171,87 €	260.276,02 €	26.027,60 €	

5.7858.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A EXECUCIÓN DENOMINADA “ACTUACIÓN INTEGRAL DE MELLORA DA MOBILIDADE E SEGURIDADE VIARIA NA CONTORNA DO CEIP PORTONOVO” AO ABEIRO DO PLAN DEPO-REMSE (EXPT E 2018042965)

Sra. Presidenta.- No punto 5. Ampliación do prazo de realización da actuación do Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Sanxenxo para a execución denominada “Actuación integral de mellora da mobilidade e seguridade viaria na contorna do CEIP Portonovo” ao abeiro do Plan Depo-Remse. Non hai solicitadas palabras, someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

1.- Por acordo núm. 5.7099 do Pleno de data 06/04/2018 a Deputación de Pontevedra aprobou as Bases Reguladoras do “Plan de Remodelación e mellora de seguridade dos viarios municipais (PLAN DEPOREMSE)”, sendo publicadas no BOPPO núm. 74 de 17/04/2018. A finalidade deste plan era dar axudas



económicas a través do procedemento de concorrencia competitiva para dar cumprimento a un dos obxectivos da Deputación, o desenvolvemento dunha mobilidade sustentábel que priorice a seguranza e a mobilidade peonil en calquera estrada, e o investimento no deseño de infraestruturas viarias para acadar máis habitabilidade, seguranza e unha correcta accesibilidade, sobre todo nos centros de uso social e de actividade económica.

2.- O Concello de Sanxenxo participou neste Plan co investimento “Actuación integral de mellora da mobilidade e seguridade viaria contorna do CEIP Portonovo” (Expte.- 2018042965) solicitando unha subvención de 500.000,00 euros sobre un orzamento de 833.633,18 euros, pero foi excluído por acordo núm. 2.7175 do Pleno do día 28/09/2018. O Concello, disconforme con esta decisión a impugnou, ditándose sentenza favorable nº 169/2019 de data 04/07/2019 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra, acordando retrotraer o procedemento ao inmediatamente anterior á resolución anulada. Esta sentenza foi confirmada en apelación polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en data 17/06/2020 número de resolución 158/2020 e número de recurso 406/2019.

3.- Por acordo núm. 6.7436 do Pleno de data 24/04/2020 a Deputación aproba unha prórroga na execución e xustificación das subvencións concedidas ao abeiro do Plan DEPOREMSE, de modo que os prazos iniciais de execución e xustificación que remataban en 30 de xuño de 2020 e 31 de outubro de 2020 respectivamente, pasan a ser ata o 31/05/2021 para executar e ata o 31/09/2021 para xustificar. As razóns da prórroga gravitaban en esencia pola pandemia e a declaración do estado de alarma que viu a suspender e interromper os prazos administrativos con carácter xeral na Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

4.- Por Decreto do Letrado da Administración de Xustiza de data 13/11/2020 a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza nº 158/2020 é declarada firme, polo que a Deputación procede a execución da resolución xudicial, aprobando por acordo nº 15.29817 da Xunta de Goberno de 22/01/2021 conceder ao Concello de Sanxenxo unha subvención de 500.000 euros para o investimento “Actuación integral mellora mobilidade e seguridade viaria contorna CEIP Portonovo” (expte.- 2018042965) para un orzamento de 833.633,18 euros, sendo co-financiado o importe restante de 333.633,18 euros polo propio Concello. O



convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Sanxenxo para este investimento é asinado en data 22/01/2021.

5.- Este Convenio di na cláusula terceira que “en todo caso o prazo máximo de execución será idéntico ó concedido para o resto de expedientes executados no marco do Plan DEPOREMSE é dicir, un máximo de 19 meses a contar desde a sinatura do convenio, e seguindo o mesmo criterio, o prazo de xustificación será de 4 meses desde a súa finalización”. É dicir, a actuación do Concello de Sanxenxo tiña que ter executada a obra a 22/08/2022 e a 22/12/2022 xustificada.

6.- Non obstante, a cláusula cuarta do convenio tamén establece que “en todo caso nun prazo máximo de 23 meses desde a sinatura do convenio as actuacións realizadas deben estar totalmente finalizadas e xustificadas”. Polo tanto a 22/12/2022 o investimento ten que estar totalmente finalizado e executado, pois “o incumprimento destes prazos dará lugar no inicio do expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial de subvención”.

7.- Por rexistro WEB2022045815 de data 19/08/2022 o Concello de Sanxenxo manifesta a execución da obra que fixo a entidade mercantil NAROM S.L. e que ese día 19/08/2022 lle comunica a empresa adxudicataria por informe do director de obra a imposibilidade de acabala en prazo, entre outros avatares, polas consecuencias da invasión rusa de Ucraína, as medidas adoptadas pola Unión Europea en resposta a invasión, a folga de transporte, problemas de abastecemento e subministro de materiais dos provedores, en especial na tubaxe de PVC e PE, e soldados en pedra granítica, desbordando así as capacidades razoables da administración municipal de planificación.

8.- Tamén invoca problemas de concertación cos horarios de acceso ao CEIP Portonovo que han de dar prioridade a mobilidade do alumnado, e as inmediatezas do mercado de abastos de Portonovo, ademais da afluencia masiva de turistas en época estival en Sanxenxo. Sumando as horas de calor intenso en xullo que dificultaban a normal execución. Polo que o Concello remata por pedir unha ampliación do prazo de execución de 22/08/22 ata o 22/10/2022, mantendo o prazo final de xustificación a 22/12/2022.

9.- Consta nas actuacións que conforman o expediente que para a execución do investimento era necesaria a autorización de Augas, do Servizo provincial de



Costas e da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), que o Concello acadou para así proceder a aprobación do proxecto. Se ben a de Costas e de Augas son dadas *sine die*, a de AXI tivo que ser renovada por ter prazo de caducidade.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN DEPOREMSE.
- Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación.
- Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, de 8 de novembro.
- RD Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Tráfico, Circulación de vehículos a motor e Seguridade Viaria.
- RD Legislativo 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Infraccións e Sancións no Orde Social.
- R. Decreto-Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

1. - Artigo 19 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación que dispón que a instrución do procedemento de concesión de subvencións será realizada polo



xefe ou xefa do servizo ao que lle corresponda a aplicación orzamentaria con cargo á que se financian os distintos programas de subvencións, agás que nas bases reguladoras da convocatoria se designe a outro.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

1. - Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- 2.- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

DA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN

- 1.- O artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), establece que nas bases da convocatoria da subvención debe establecerse o prazo no que o beneficiario haberá de xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concede. Só son en principio subvencionables os gastos das actividades executadas nos prazos previstos nas bases (artigo 29.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia – LSG-). O seu incumprimento pode obrigar ao reintegro da subvención (artigo 37 LXS).
- 2.- O artigo 70 do Regulamento da LXS, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xullo, dispón que o órgano concedente da subvención poderá outorgar, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda da metade do mesmo e sempre que con elo non se prexudique dereitos de terceiro. As condicións e o procedemento para a concesión da ampliación son os establecidos no artigo 49 da Lei do Procedemento Administrativo Común 30/1992, hoxe artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.
- 3.- O artigo 35.1.e) da citada Lei 39/2015 sinala que serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito, os acordos de aplicación de ampliación de prazos. E a Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación apunta no artigo 25.2 que a Deputación Provincial poderá conceder, de oficio ou a petición das persoas interesadas, unha ampliación dos prazos establecidos,



sempre que non exceda da metade destes e con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

4.- Cando se aprobou a prórroga do Plan DEPOREMSE había un escenario de pandemia, e xa se tiña asinado o convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello, e sucedeu que con posterioridade sobreviñeron novas circunstancias de semellante distorsión na economía. A invasión rusa de Ucraína e as medidas sancionadoras da Unión Europea propiciou que o Consello de Ministros aprobase o 29/03/2022 o Plan Nacional de respostas ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína (R. Decreto-Lei 6/2022) para garantir as subministracións, protexer aos sectores produtivos máis afectados, baixar os prezos de combustibles e da electricidade, aprazar as cotas da Seguridade Social, dar axudas directas ao sector do transporte, e permitir unha revisión de prezos nos contratos de obras, entre outras medidas, para manter en resumidas contas a execución normal dos investimentos.

5.- O artigo 12 do RD Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Tráfico e Seguridade Viaria, sinala que a realización de obras en vías debe ser comunicada con anterioridade ao seu inicio ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, no seu caso, a autoridade autónoma ou local responsable, a cal ditará as instrucións que resulten procedentes en relación á regulación, ordenación, xestión, e vixilancia de tráfico, tendo en conta o calendario de restricións á circulación e as que se deriven doutras autorizacións á mesma.

6.- Consta nas actuacións que o proxecto de Sanxenxo precisa da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) para realizar tal investimento, e que se sitúan nas inmediacións de tráfico masivo como o mercado de Portonovo e do centro escolar CEIP, obviamente a administración municipal ha de cumprir coas instrucións que de mobilidade dea a Secretaría de Estado de Seguridade. Pois a Instrución MOV/21 da Dirección de Tráfico obriga a comunicar antes as obras para que o órgano competente en seguridade vial dea as instrucións oportunas de regulación, ordenación, xestión e vixilancia, xa que as restricións que se adopten han de ser obxecto de publicidade anticipada.

7.- En canto a ola de calor que se invoca como outras das causas para acceder a ampliación de prazo, cabe recordar que no Boletín de tempo meteorolóxico con avisos que publica a Axencia Estatal de Meteoroloxía AEMET, xunto con



Meteoroloxía, si que consta unha alerta de nivel 2 -vermella- para as Rías Baixas no mes de xullo, e que o RD Lexislativo 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Infraccións e Sancións no Orde Social (LISOS), nos artigos 12.9 e 16.i) castiga como infracción grave superar no traballo os límites de exposición a axentes físicos ou ambientais nocivos.

8.- No seu momento no ano 2018, o Plan Depo-Remse foi pioneiro en tratar a mobilidade sustentábel, para *“permitir aos Concellos a remodelación das súas rúas e viarios a fin de facilitar a comunicación entre os espazos de emprego e dotacións de uso social, sanitario ou educativo así como para mellorar aqueles trazados que soportan unha alta densidade de tráfico tanto peonil como rodado”* dicía o seu preámbulo. Hoxe, catro anos despois, vista a Axenda 2030 e o Anteproxecto de Lei de Mobilidade Sostible, é esencial, pois se trata de evolucionar desde a política de transportes á política de mobilidade sostible de persoas e mercancías que ha de gardar relación coas políticas económicas, sociais e ambientais. Os poderes públicos han de asegurar que este novidoso dereito, o da mobilidade, se exercite en condicións de igualdade, e que á vez se constituía nunha ferramenta indispensable para o exercicio doutros dereitos constitucionais como son, entre outros, o dereito a libre circulación polo territorio nacional (artigo 19 CE), o dereito á educación (artigo 27 CE), o dereito ao traballo (artigo 35 CE), o dereito á protección da saúde (artigo 34 CE), o dereito a desfrutar dun medio ambiente axeitado para o desenrolo da persoa, así como o deber de conservalo (artigo 45 CE).

9.- As administracións públicas están ao servizo dos cidadáns e traballan polo interese xeral, debendo cooperar unhas con outras e acordar de maneira voluntaria, a forma na que exercerán as súas competencias, emporiso visto a lexislación en cernes e o que no seu momento se asinou no Convenio de colaboración entre o Concello de Sanxenxo e a Deputación, caben entender que a petición de ampliación de prazo está totalmente fundamentada.

REXIME COMPETENCIAL

De acordo co establecido no artigo 33 da LRBRL, o artigo 70 do ROFRXEL, e a Base de Execución do Orzamento número 16.3, o órgano competente para resolver é o Pleno da Deputación.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, o informe da Xefa do Servizo de Cooperación de 16/09/2022



(CSV:ZOPSO2YERH8Z4BL7), a dilixencia de conformidade da Intervención de 21/09/2022 (CSV:0DGGTIY0DLG6OPW6), e visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 23/09/2022 (CSV: 518RKEUM841H173Y), o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar a ampliación de prazo de execución de obra na actuación do Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Sanxenxo para a execución denominada “*Actuación integral de mellora da mobilidade e seguridade viaria na contorna do CEIP Portonovo*” (Exppte.- 2021042965), que da data 22 de agosto de 2022 pasa á data 22 de outubro de 2022 como día final de realización, mantendo o prazo total de execución e xustificación de vinte e tres meses dende a data de sinatura do devandito convenio de colaboración.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Sanxenxo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.7859.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA CAÑIZA” PRESENTADO POLO CONCELLO DA CAÑIZA AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021039818)**

Sra. Presidenta.- No punto 6 da orde do día. Aprobación do proxecto modificado da actuación “Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza” presentado polo Concello da Cañiza ao abeiro do programa Reacpon. Non hai intervencións, si, non sei que pasa, non aparece na pantalla, non, non é vostede, non está funcionando o sistema, entón non me aparece, e cando fale non o van a escoitar, espere un minuto que ... (*non se escoita dende o minuto 00:13:46.12 ata o minuto 00:14:36.21*). Ten a palabra.

Sr. Domínguez Alonso.- Agora si, vale. Bueno moi bos días Presidenta. Bueno, manifestar que vamos a votar a favor deste punto como non podía ser doutra maneira porque bueno, estamos respectando a autonomía dos concellos, en este caso son os que piden esta modificación e outra cando mais pois esta petición do arranxo da piscina pois xa o trouxen eu aquí a este Pleno aínda que foi cunha



votación distinta. Pero si que nos resulta curioso, polo menos a min, unha vez que puiden acceder ó expediente completo dado que no concello, pois a pesar que se dice que si non se pode acceder ó expediente, e resulta curioso ver como se contrata á empresa nun proceso de licitación pública cunha baixa importante sobre o proxecto e unha vez adxudicado pois o que se fai é traer un modificado do proxecto incrementando o límite legal permitido para evitar que salga unha nova contratación. Simplemente quería apuntar esa curiosidade que, bueno, pois que é bastante destacable. Nada máis.

Sra. Presidenta.- A min tamén paréceme bastante destacable que vostede lle pareza algo estraño eso cando ten acontecido con tantos concellos que solicitaron a modificación e, porque claro, vostedes hoxe mesmo van a presentar aquí mocións que teñen que ver coa suba de precios, coas dificultades de materiais, etc., etc., e estas mesmas cuestións pois teñen aparecido en proxectos de modificacións do Reacon presentado por concellos do Partido Popular. Polo tanto, bueno, vostede ten toda a liberdade, faltaría máis, de expresar calquera cousa que lle poida sorprender, pero tamén eu coma Presidenta quedo sorprendida de que se fagan diferentes valoracións dependendo quen presente os modificados ¿non?, realmente quedas, é sorprendente. Si, fale non aparece pero si está en vermello ten vostede a palabra.

Sr. Domínguez Alonso.- Si, agora si. Somos conscientes da subida de precios e demais e de feito, como acaba de dicir vostede, si se traen a este pleno tamén mocións pedindo máis axuda para os concellos precisamente por este tema. Pero, estamos falando dunha cousa distinta, estamos falando dunha adxudicación feita cunha baixa e unha vez que está adxudicado, non antes, unha vez que está adxudicado o que se promove é unha modificación do proxecto, unha vez que está adxudicado, e curiosamente ese incremento do proxecto vai ó límite, límite xusto, para evitar unha nova licitación, creo que oe, que se pode destacar aquí esa circunstancia, non estamos falando do mesmo que vamos a debatir aquí que pedimos máis cartos para a modificación dos proxectos, estamos falando dun proxecto que estaba xa adxudicado cunha baixa e que se modifica unha vez efectuada a contratación xa. Nada máis.

Sra. Presidenta.- Nada, me dicen que hai un problema entre cando vostedes dan para falar e o que aparece na pantalla pero que vai a funcionar ben, así que nada. No, simplemente voltar a dicirlle de novo que este tipo de modificados se dan moi habitualmente en moitos proxectos pasou no Depo-Remse, pasa no



Reacon e con concellos gobernados por vostedes e, polo tanto esto é absolutamente legal, cumpre con todas as normas, teñen informes favorables dos técnicos e é certo que a lei aprobada por o exministro Montoro que pretendía que non poidéramos gastar obígalles aos concellos a ir a prezo; e tamén están todo o que ten que ver coas baixas reguladas, moitas veces, é unha cuestión de pedagogía esto que estou facendo, ¡eh!, moitas veces certamente pois os concellos vense na obriga de ter que aceptar propostas que non se corresponden co que ó mundo local lle gustaría que acontecera. Aproveito para reclamarlle ao Goberno de estado que modifique todas esas leis Montoro que tanto dano lle fan á xestión do mundo local, ¿non?, moi particularmente a Lei de Contratación que é unha Lei, repito, pensada para que todo fora mal sobre todo para que non poidéramos gastar e dificultar. Así que, de verdade que non entendo esta apreciación súa anque vostede ten todo o dereito do mundo a facela, pero non a entendo, de verdade, porque eu podería poñerlle miles de exemplos destas mesmas cuestións, por exemplo, do que acabamos de votar por unanimidade, de Sanxenxo, que tamén ten cuestións acaecidas despois da adxudicación. ¿Quere ...? Pois moi ben, entón sometemos este punto a votación. Votos a favor do proxecto modificado da actuación “Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza” presentado polo Concello da Cañiza ao abeiro do Programa Reacon. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello da Cañiza con destino á execución da actuación denominada “Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de setembro de 2021, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 689.048,95€ e a subvención concedida a 500.776,16€ (72,68%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 188.272,79€ (27,32%).
- Segundo o previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000062 de 11/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das



partes, o cal se asinou o día 13/01/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

- Por acordo núm. 2.31187 da Xunta de Goberno do 28/01/2022 concedeuse unha subvención ao dito Concello por importe de 188.272,79€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa REACPON.
- En data 08/02/2022 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 678.713,21€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 10.335,74€ (1,5%), formalizándose o contrato administrativo o 13/04/2022.
- Na data 15/09/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro REX_2022021724 e REX_2022021725), entre outros documentos, a solicitude de modificación do contrato de obras do proxecto de rehabilitación enerxética da piscina da Cañiza, presentada pola dirección de obra (motivada na aparición de causas imprevistas durante a execución dos traballos), o proxecto modificado e a certificación do acordo de aprobación do proxecto modificado. O orzamento do novo proxecto ascende a 826.733,95€, o que supón un incremento de 137.685,00€ sobre o orzamento inicial (19,98% de incremento).
- Na data 19/09/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. REX_2022021902, emendado con núm. REX_WEB2022049925) o compromiso de financiar, con recursos propios, o importe da modificación que non poida ser financiado co importe da baixa de adxudicación.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 19/09/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que a necesidade de incluír unha serie de cambios derivou de situacións sobrevidas durante a execución das obras, sen que se alteren os aspectos técnicos nin a superficie da



actuación, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, nin a eficiencia enerxética do edificio, polo tanto a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.

- Na data 20/09/2022, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á aprobación do proxecto modificado.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de



decembro de 2016 (OXSDPEPO).

- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.



- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación do Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao Concello en función da tipoloxía da actuación e da poboación. No caso de non existir, ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do Concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBR, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza para a execución da actuación denominada “Execución de



rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza”, no marco do Programa REACPON, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola aparición, durante a execución dos traballos, de circunstancias sobrevidas que non se podían ter previsto.

Visto que o Concello asume o financiamento, mediante recursos propios, do importe que non pode financiarse contra a baixa de adxudicación. (O proxecto modificado incrementa o orzamento de execución en 137.685,00 €, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 10.335,74€, ao aplicar a porcentaxe de adxudicación ao incremento, resulta un importe de 135.619,75€ que pode financiarse, en parte, coa dita baixa, e na parte restante con fondos propios do Concello).

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 19/09/2022, dá conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 19/09/2022 (CSV: 7GIG7O94VPZQRHDF), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 19/09/2022 (CSV: 72AGVJ609U6T7OB0), o informe de Intervención de 20/09/2022 (CSV:KWOZDKT2DMO08WS6), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de 23/09/2022 (CSV: 5ZZ0WAFF07UKDIUG), o Pleno acorda por unanimidade:



- A aprobación do proxecto modificado da actuación “Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza”, presentado polo Concello da Cañiza ao abeiro do Programa ReacPon.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello da Cañiza, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

7.7860.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “REHABILITACIÓN DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE DOZÓN” PRESENTADO POLO CONCELLO DE DOZÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021040019)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ó punto 7. Aprobación do proxecto modificado da actuación “Rehabilitación da Casa Consistorial do Concello de Dozón” presentado polo Concello de Dozón ao abeiro do Programa Reacpon. Non hai peticións de palabra, o someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Dozón con destino á execución da actuación denominada “Rehabilitación da casa consistorial do Concello de Dozón”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 405.381,92€ e a subvención concedida a 333.339,11€ (82,23%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 72.042,81€ (17,77%).
- Segundo o previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2021007865 de 30/12/2021 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das



partes, o cal se asinou o día 11/01/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

- Na data 07/02/2022 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 391.900,00€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 13.481,92€ (3,33%), formalizándose o contrato administrativo o 21/02/2022.
- Na data 14/09/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (número rexistro REX_WEB2022049381), o proxecto modificado da “Rehabilitación da casa consistorial do Concello de Dozón” (motivado pola necesidade de introducir cambios no proxecto orixinalmente presentado, debido a situacións sobrevidas durante a execución das obras, derivadas basicamente da antigüidade de case 50 anos do edificio e do incremento de prezos de determinados materiais), unha certificación do acordo de aprobación do dito proxecto e un compromiso de financiar, con fondos propios, o importe da modificación que non sexa posible financiar co importe da baixa. O orzamento do novo proxecto ascende a 466.052,90€, o que supón un incremento de 60.670,98€ sobre o orzamento inicial (14,97% de incremento).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 19/09/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que a necesidade de incluír unha serie de cambios derivou de distintas situacións sobrevidas durante a execución das obras, motivadas pola antigüidade de case 50 anos do edificio e polo incremento de prezos de determinados materiais, sen que se alteren os aspectos técnicos nin a superficie da actuación, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, nin a eficiencia enerxética do edificio, polo tanto a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.
- Na data 20/09/2022, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á aprobación do proxecto modificado.



- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria



por aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación do Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao Concello en función da tipoloxía da actuación e da poboación. No caso de non existir, ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do Concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Dozón para a execución da actuación denominada “Rehabilitación da casa consistorial do Concello de Dozón”, no marco do Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola aparición, durante a execución dos traballos, de circunstancias sobrevidas.



Visto que o Concello asume o financiamento, mediante fondos propios, do importe que non pode financiarse contra a baixa de adxudicación. (O proxecto modificado incrementa o orzamento de execución en 60.670,98€, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 13.481,92€, ao aplicar a porcentaxe de adxudicación ao incremento, resulta un importe de 58.653,23€ que pode financiarse, en parte, coa dita baixa, e na parte restante con fondos propios do Concello).

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 19/09/2022, dá conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 19/09/2022 (CSV: 7GIG7O94VPZQRHDF), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 19/09/2022 (CSV: JMUD36HWSTIH9USF), o informe de Intervención de 20/09/2022 (CSV: P6K5KI2D81AO4L2J), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de 23/09/2022 (CSV: 5V89ZOSXR56YZU4B), o Pleno acorda por unanimidade:

- A aprobación do proxecto modificado da actuación “Rehabilitación da Casa Consistorial do Concello de Dozón”, presentado polo Concello de Dozón ao abeiro do Programa ReacPon.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Dozón, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



8.7861.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AO CEIP RAMIRO SABELL DE PONTEAREAS” PRESENTADO POLO CONCELLO DE PONTEAREAS AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021040010)**

Sra. Presidenta.- No punto 8. Aprobación do proxecto modificado da actuación “Camiño escolar seguro ao CEIP Ramiro Sabell de Ponteareas” presentado polo Concello de Ponteareas ao abeiro do Programa Reacpon. ¿Hai intervencións? Non ¿Hai intervencións?

Sr. Lorenzo Alonso.- Bos día. Bueno, a min, nos gustaría primeiro saber se este punto despois de debatir, así tamén como se regula no regulamento orgánico no art. 24, si se pode facer a votación de que quede sobre a mesa despois de facer o debate, como así se establece. Que como, digo que, a ver si se acerca máis, si, agora si, agora si. Según establece o Regulamento orgánico da Deputación, ¿se despois do debate se pode votar co punto quede sobre a mesa?, me refiro, o regulamento establece que despois de facer o debate, no seu art. 24.

Sra. Presidenta.- En todo caso, ¡ai!, ¡Dios mío!, ¡que tristeza!. Mire, vostedes presentaron unha petición de retirada, a votamos atendendo ao reglamento, si vostede quere que cando remate o debate a voltemos a votar a volvemos a votar e se despois de volver a votala quere vostede que a volvamos a votar a votamos as veces que vostede queira (*non se escoita dende o minuto 00:22:30.23 ata o minuto 00:22:48.11*) Eu creo que agora, pero non se pon en vermello, non se escoita agora.

Sr. Lorenzo Alonso.- Ahora si, ahora si. Bueno, nós o que pedimos é que este punto quedara sobre a mesa e non aceptándose o que está claro é que nós entendemos que existe un agravio comparativo, e por iso tamén solicitabamos o informe do Secretario porque entendemos que unha orde que saíu en xuño do ano 2021 na que as bases desa orden establecían non emendable ó non ter a titularidade dos terreos, neste caso se lle concedeu a pesar de que existía un certificado do Secretario municipal do Concello de Ponteareas, en setembro do ano 2021, que dicía “que non tiñan esa titularidade”, a Deputación aínda así, aínda non sendo un criterio non emendable, aínda sendo un criterio non emendable, se lle concedeu esa subvención ou ese convenio. Por iso nós pedimos que a pesar de que despois se fixo efectiva o 9 de febreiro de 2022 esa



titularidade, sendo un criterio non emendable, existen outros concellos que non se lle concedeu ese convenio ou esa subvención polo feito de que non eran emendables no seu momento, por iso pedimos que quede sobre a mesa e si se pode votar, a pesar de que lle da tristeza, pois que se vote. Gracias.

Sra. Presidenta.- Ben, pois volvemos a votar a petición de que quede sobre a mesa este punto. ¿Votos a favor de que quede este punto sobre a mesa? ¿Votos en contra? Pois de novo, por segunda vez, queda rexeitada a petición do Partido Popular por once votos a favor e dezaseis en contra. Pasamos, e bueno, agora teño que votar o punto. Aprobación do proxecto modificado da actuación “Camiño seguro escolar ao CEIP Ramiro Sabell de Pontearreas” presentado polo Concello de Pontearreas ao abeiro do Programa Reacpon. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda aprobado por dezaseis votos a favor e once en contra.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello de Pontearreas con destino á execución da actuación denominada “Camiño escolar seguro ao CEIP Ramiro Sabell de Pontearreas”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de outubro de 2021, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 963.527,36€ e a subvención concedida a 722.645,52€ (75%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 240.881,84€ (25%).
- Segundo o previsto na base reguladora 7^a.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000418 de 24/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 08/02/2022. Na súa cláusula 6^a recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non



será posible o pago da subvención.

- Por acordo núm. 21.31265 da Xunta de Goberno do 11/02/2022 concedeuse unha subvención ao dito Concello de 240.881,84€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon.
- En data 07/04/2022 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 730.642,81€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 232.884,55€ (24,17%), formalizándose o contrato administrativo o 13/04/2022.
- Na data 20/07/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022040903) a solicitude de autorización para a redacción dun proxecto modificado presentada no rexistro do Concello polo director de obra debido á *“necesidade de incluír unha serie de obras de redes de infraestruturas subterráneas de saneamento, electricidade, rede de alumado público, abastecemento e rego que, non estando contempladas inicialmente no proxecto, considéranse necesarias por parte da concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas. E debido ao seu estado e carencias detectadas por parte do coordinador da área de urbanismo, obras públicas e servizos do Concello de Ponteareas propónse a súa subsanación aproveitando a execución destas obras para non aumentar o prexuízo da veciñanza ao executalas no menor espazo de tempo posible e ao interese xeral de que, unha vez realizadas as novas pavimentacións, non se teña necesidade de levantar as rúas nos vindeiros anos coa incorporación ou modificación de instalacións deixando as novas actuacións en perfecto estado de finalización. Así mesmo considerouse por parte do coordinador da área de urbanismo, obras públicas e servizos do Concello de Ponteareas, o reforzo de firmes e o aumento de superficie formigonada polas novas necesidades de mobilidade propostas e pola mellora das necesidades actuais de alumado público e da iluminación nocturna”* e unha certificación do acordo de autorización para a redacción dun proxecto modificado e da solicitude á Deputación de que o modificado se faga con cargo ao remanente xerado como consecuencia da baixa de adxudicación, facéndose cargo o Concello da contía que supere o indicado remanente. Na data 31/08/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022047013), entre outros documentos, o proxecto modificado (emendado na data 20/09/2022, núm. rexistro WEB2022050119), e a certificación do acordo de aprobación do dito proxecto (esta última, emendada na data 19/09/2022 (núm. rexistro WEB2022049879). O orzamento do novo proxecto ascende a 1.273.347,25€, o que supón un incremento de 309.819,89€,



resultando un 32,15% sobre o orzamento inicial.

- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 19/09/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que, tras o inicio das obras, xurdiu a necesidade de incluír unha serie cambios nas redes de infraestruturas subterráneas de saneamento, electricidade, rede de alumeadado público, abastecemento e rego, que non estaban contempladas inicialmente no proxecto, que por parte do Concello se considerou o reforzo de firmes e o aumento da superficie de formigón polas novas necesidades de mobilidade propostas e pola mellora das necesidades actuais de alumeadado público e da iluminación nocturna, e que non se alteran os aspectos técnicos, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas nin a eficiencia enerxética do edificio, polo tanto a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.
- Na data 20/09/2022, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á aprobación do proxecto modificado.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto



Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.



- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación do Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao Concello en función da tipoloxía da actuación e da poboación. No caso de non existir, ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do Concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude



do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontearreas para a execución da actuación denominada “Camiño escolar seguro ao CEIP Ramiro Sabell de Pontearreas”, no marco do Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado na necesidade de incluír unha serie cambios nas redes de infraestruturas subterráneas de saneamento, electricidade, rede de alumeadado público, abastecemento e rego, que non estaban contempladas inicialmente no proxecto, e que tamén se considerou por parte do Concello o reforzo de firmes e o aumento da superficie de formigón polas novas necesidades de mobilidade propostas e pola mellora das necesidades actuais de alumeadado público e da iluminación nocturna.

Visto que o Concello asume o financiamento, mediante fondos propios, do importe que non pode financiarse contra a baixa de adxudicación. (O proxecto modificado incrementa o orzamento de execución en 309.819,89€, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 232.884,55€, ao aplicar a porcentaxe de adxudicación ao incremento, resulta un importe de 234.936,41€ que pode financiarse, en parte, coa dita baixa, e na parte restante con fondos propios do Concello).

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 19/09/2022, dá conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da



convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 19/09/2022 (CSV: 7GIG7O94VPZQRHDF), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 20/09/2022 (CSV: 8K16B9B33VIRGWPN), o informe de Intervención de 20/09/2022 (CSV: O9M27ST1B6LYNNWE), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de 23/09/2022 (CSV: 5HWHNZTWTZOTMKQL), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP:

- A aprobación do proxecto modificado da actuación “Camiño escolar seguro ao CEIP Ramiro Sabell de Pontearreas”, presentado polo Concello de Pontearreas ao abeiro do Programa ReacPon.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Pontearreas, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

9.7862.- **TERCEIRA MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DO PROXECTO “LABORA 2020” COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO POR AXUSTE DO SEU CONTIDO Á EXECUCIÓN REAL EN BASE Á COMUNICACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE COOPERACIÓN AUTONÓMICA E LOCAL (EXPT. 2020037887)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ó punto 9 da orde do día. Terceira modificación substancial do proxecto “Labora 2030” cofinanciado polo Fondo Social Europeo por axuste do seu contido á execución real en base á comunicación da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local. Non hai intervencións. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Emprego do día 23 de setembro de 2022, no que se ditamina favorablemente a aprobación da terceira modificación substancial do proxecto LABORA 2020 cofinanciado polo FSE, por axuste do



seu contido á execución real en base á comunicación da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, cuxo texto di como segue:

“ANTECEDENTES DE FEITO

O Pleno da Corporación provincial, na súa sesión ordinaria do día 28 de decembro de 2018, adoptou, entre outros, o acordo (nº 11.7237), no que se aprobou o proxecto “Labora 2020” no marco da convocatoria de 2018 de axudas do Fondo Social Europeo (FSE), previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP-POEFE) e cofinanciado nun 80% polo FSE (Resolución de 23 de marzo de 2018 da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais), por un importe de 4.832.076,76€ cunha achega do FSE do 80% que supón 3.865.661,41€ e o 20% da achega da Deputación de Pontevedra por importe de 966.415,35€ con un período de execución dende o 1 de outubro de 2018 ata 31 de decembro de 2021.

O Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 27 de novembro de 2020 adoptou o acordo (nº 7.7529) polo que se acepta a ampliación do prazo de execución do mencionado proxecto ata o 31 de decembro de 2022 (Resolución de 5 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local).

Con data 28 de xullo de 2021 a Dirección xeral de Cooperación Autonómica e Local resolveu autorizar a primeira modificación do proxecto “Labora 2020” en relación aos itinerarios formativos, aprobada polo Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do 26 de marzo de 2021 (acordo nº 6.7585), sendo o coste total elixible do proxecto 4.740.904,66 euros dos cales 3.792.723,73 euros (80%) son achegas do Fondo Social Europeo e 948.180,93 euros (20%) da Deputación de Pontevedra.

Con data 22 de xullo de 2022 a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local resolve autorizar a segunda modificación do proxecto “Labora 2020” en relación cos itinerarios formativos sendo o custo total elixible do proxecto 4.050.577,45 euros dos cales 3.240.461,96 euros (80%) serán achegas do Fondo Social Europeo e 810.115,49 euros (20%) da Deputación de Pontevedra, quedando as características do seguinte modo (Anexo I):

- Período de execución: desde a súa aceptación ata o 31 de decembro de 2022.
- N.º de beneficiarios: 738.
- Ámbito de actuación: Provincia de Pontevedra.
- N.º de itinerarios formativos: 51.



En consecuencia, a Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, como entidade beneficiaria con cargo á Convocatoria de Axudas AP-POEFE do Fondo Social Europeo veu impartindo dende a aprobación do proxecto os itinerarios formativos a través de distintas convocatorias para o cal se levaron a cabo cada ano distintas licitacións. Actualmente estase a executar a terceira convocatoria dos itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade especificados no proxecto “Labora 2020” para lograr o obxectivo da mellora da empregabilidade e a formación das persoas participantes no ámbito da provincia de Pontevedra e que se executarán a través desta contratación.

NORMATIVA APLICABLE

- Orde ESS/1924/2016, de 13 de decembro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2014-2020.
- Orde PRA/37/2018, de 16 de xaneiro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación, destinadas a Entidades Locais para a inserción de persoas vulnerables.
- Resolución de 23 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, pola que se aproba a convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP-POEFE).
- Resolución de 13 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local (Secretaría de Estado de Política Territorial - Ministerio de Política Territorial e Función Pública) respecto da convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo.
- Instrucións Xerais para a execución dos proxectos cofinanciados con axudas AP-POEFE do Fondo Social Europeo 2014-2020, destinadas a Entidades Locais para a Inserción de colectivos desfavorables, aprobadas por Resolución da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local de data 22 de abril de 2019.
- Resolución do 5 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se adoptan medidas para facer fronte ao impacto da crise sanitaria provocada pola COVID-19 na execución dos proxectos financiados pola convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de



Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- R D 2568/86, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- R D Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Demais normativa que resulte de aplicación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

PRIMEIRA.- Con data 17 de xuño de 2022, a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local do Ministerio de Política Territorial notifica escrito en relación á execución dos proxectos tendo en conta que o prazo de execución está próximo ao seu fin, indicando que “(...) en caso de que hubieran surgido eventualidades que imposibilitasen desenvolver os itinerarios projectados dentro del plazo de ejecución establecido, se solicita que antes del próximo 8 de julio presente una modificación del proyecto, acomodando su contenido a la ejecución real que se vaya a alcanzar. De acuerdo con la normativa que resulta de aplicación, no hacer este ejercicio puede conllevar pérdidas netas de ayuda FSE y, en su caso, la imposición sobre la entidad beneficiaria de las correcciones financieras adicionales que se pudieran derivar de la falta de consecución de objetivos”. Á vista de que a modificación anterior non estaba autorizada polo propio Ministerio, consultouse a situación cos seus técnicos, quen ofreceron flexibilidade á hora de realizar a modificación do proxecto.

SEGUNDA.- En base ao anterior, procedeuse á realización dunha nova análise do proxecto “Labora 2020” aprobado no marco da convocatoria de 2018 de axudas do Fondo Social Europeo (FSE), previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables, resultando que é necesario acomodar o contido debido ás seguintes circunstancias:

- Existencia de edicións de itinerarios formativos non realizados debido a renuncias das empresas adxudicatarias por non alcanzar o número mínimo de participantes que esixe a convocatoria de axudas ou outras circunstancias sobrevidas. Concretamente no apartado sétimo denominado “Actuaciones subvencionables de los proyectos” da



Resolución de la Dirección General de Relaciones con las Comunidades Autónomas y Entes Locales, por la que se aprueba la convocatoria 2018 de ayudas del Fondo Social Europeo, previstas en el Programa Operativo de Empleo, Formación y Educación (POEFE), destinadas a entidades locales para la inserción de las personas más vulnerables (AP-POEFE) establece literalmente que “La duración mínima de los itinerarios formativos para ser subvencionables, excluidas las tutorías y orientación, será de 100 horas. Asimismo, para comenzar la impartición de un itinerario deberá tener al menos 10 participantes”.

- Dificultade de captación de alumnado debido ao colectivo ao que se dirixe o proxecto de acordo á convocatoria. Segundo a mesma, o proxecto ten por obxecto mellorar a empregabilidade de persoas desempregadas, inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego, que pertencen a colectivos vulnerables. Considéranse vulnerables os seguintes colectivos:

- Persoas desempregadas de longa duración (PLD).
 - Mozos menores de 30 anos non atendidos no Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEX).
 - Persoas maiores de 55 anos.
 - Persoas con discapacidade.
 - Inmigrantes.
 - Minorías étnicas e comunidades marxinadas.
 - Outros colectivos desfavorecidos: persoas que viven en fogares compostos dunha única persoa adulta con fillas ou fillos ao seu cargo; persoas sen fogar ou afectadas pola exclusión en materia de vivenda; vítimas de violencia de xénero, vítimas de discriminación por orixe racial ou étnica, orientación sexual e identidade de xénero; solicitantes de asilo; persoas con problemas de adicción; persoas recluídas e ex-recluídas; persoas perceptoras de rendas mínimas ou salarios sociais; persoas con fracaso ou abandono escolar.
 - Outras persoas en situación de vulnerabilidade acreditada por un informe dos servizos sociais.
- Cabe comentar que a situación sanitaria do COVID que afectou á suspensión de tramitación administrativa e da execución dos cursos así como á captación de alumnado repercutindo de forma notable no proxecto para a consecución dos obxectivos.



TERCEIRA.- En consecuencia, tendo en conta que o prazo de execución do proxecto é o 31 de decembro de 2022, analizáronse diferentes escenarios posibles tendo en conta as regras estipuladas polo Ministerio de Política Territorial ao efecto, así como os prazos e demais circunstancias que afectan ao proxecto para intentar adecualo o máximo posible á realidade dentro das estritas limitacións impostas no relativo ás modificacións substanciais e á estrutura de financiamento do propio proxecto baseada no sistema de custos simplificados. Por isto, propónse modificar o seguinte contido para a adecuación deste proxecto á execución real:

- Dar de baixa os dous itinerarios formativos que non se van realizar xa sexa por renuncia das empresas adxudicatarias por non alcanzar o número mínimo de persoas participantes ou circunstancias sobrevidas das empresas adxudicatarias. En concreto estes son:

- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes en Tomiño.

- Seguridade Informática en Nigrán.

- Dar de baixa unha edición dun itinerario formativo por non captar ao número mínimo de persoas participantes:

- Competencias clave para a obtención do nivel 2, unha edición en O Porriño.

Polo anterior, procede levar a cabo a terceira modificación substancial do proxecto adecuándoo a unha situación máis real tendo en conta as limitacións impostas polo Ministerio, quedando segundo as seguintes características e de acordo á memoria xustificativa que consta no expediente con código CSV: 8APSVNNJ8NIVYPKE:

- Período de execución: desde a súa aceptación ata 31 de decembro de 2022.

- N° de beneficiarios: 702.

- Ámbito de actuación: Provincia de Pontevedra.

- N° de Itinerarios formativos: 48.

- Orzamento total: 3.856.041,19 €.

- Achega FSE (80%): 3.084.832,95 €.

- Achega Deputación de Pontevedra (20%): 771.208,24 €”.



En base ao anterior, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Emprego e Promoción Económica, propónse ó Pleno da Deputación Provincial a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación acorda por unanimidade a aprobación da terceira modificación substancial do proxecto “Labora 2020” cofinanciado polo FSE por axuste do seu contido á execución real en base á comunicación da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local.

10.7862.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN E URXENTE OCUPACIÓN, DA DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA E DO PROXECTO DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-0104, RAMAL IGREXA DE FIGUEIRIDO (CONCELLO DE VILABOA) (EXPTE. 2022012878)

Sra. Presidenta.- No punto 10. Aprobación definitiva do expediente de expropiación e urxente ocupación da declaración de utilidade pública e do proxecto das obras de mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-0104, ramal Igrexa de Figueirido no Concello de Vilaboa. Non hai intervencións. Someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Antecedentes:

1. Convenio de colaboración. O 14 de marzo de 2022 formalizouse un Convenio de colaboración da Deputación co Concello de Vilaboa para levar a cabo as obras previstas no proxecto de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-0104 ramal Igrexa de Figueirido (Concello de Vilaboa)”.

O proxecto prevé a obtención por expropiación da superficie necesaria para a execución das obras e dos bens afectados correspondentes a 44 parcelas. De acordo co convenio formalizado, o Concello financia na súa totalidade o importe dos xustiprezos estipulados polas expropiacións con cargo a subvención que lle foi concedida pola Deputación con cargo ao Plan Concellos 2022 e que ascenden a 29.150,57€. A tramitación do expediente de expropiación realízase pola Deputación.



2. Aprobación inicial do proxecto e do expediente expropiatorio. O Pleno da Deputación na sesión que tivo lugar o día 23 de xuño de 2022 acordou:

- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Mellora da seguraza viaria e mobilidade peonil na EP-0104 ramal Igrexa de Figueirido (Concello de Vilaboa)”.
- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.
- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.
- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.
- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

3. Información pública.

Publicáronse anuncios no Taboleiro de Edictos do Concello de Vilaboa (7 de xullo de 2022), BOPPO (8 de xullo de 2022), BOE (8 de xullo de 2022), Sede Electrónica da Deputación (8 de xullo de 2022) e nos xornais Diario de Pontevedra e A Voz de Galicia o 18 de xullo de 2022. Os prazos de presentación de reclamacións fronte á aprobación do expediente de expropiación e do proxecto (15 e 20 días, respectivamente, contados dende a data da derradeira publicación) remataron o 2 e o 9 de agosto de 2022.

Notificáronse individualmente ás persoas titulares dos bens e dereitos obxecto de expropiación segundo consta na nota do Rexistro da Propiedade de Pontevedra núm. 2 ou nas certificacións catastrais co seguinte resultado:

- a) Notificáronse as persoas titulares das seguintes parcelas afectadas:
- Parcela núm.: 2 o día 8 de xullo de 2022.
 - Parcelas núm.: 9, 15, 27 e 37 o día 14 de xullo de 2022.
 - Parcelas núm.: 4, 5, 11, 12, 14, 18, 19, 20, 21, 22, 25, 26, 30, 33 e 39 o día 15 de xullo de 2022.



- Parcelas núm.: 3, 6, 10, 13 e 42 o día 19 de xullo de 2022.
- Parcelas núm.: 8 o día 21 de xullo de 2022.
- Parcelas núm.: 41 o día 21 de xullo de 2022.

b) Intentada a notificación ás persoas titulares catastrais das parcelas 1, 7, 16, 17, 23, 24, 28, 29, 31, 32, 34, 35, 36, 38 e 40, non foron localizadas polo que é de aplicación o artigo 5.1 da LEF “entenderanse as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación á que se refire o artigo 18, non comparecesen no expediente os propietarios ou titulares”.

4. Alegacións presentadas.

4.1 Fronte ao expediente de expropiación presentáronse as seguintes solicitudes e/ou alegacións durante o prazo establecido:

Data	Nº rexistro	Interesada/-o	Petición
22/07/22	2022018068	Mª Luisa Filgueira Crespo	Información sobre o xustiprezo e aclaración sobre división da parcela.
27/07/22	2022018293	Sergio Acuña Baltasar	Verificación de superficie e dos bens afectados da súa titularidade.

4.2 En relación coa aprobación do proxecto presentouse fóra de prazo unha única solicitude:

Data	Nº rexistro	Solicitante	Petición
18/08/22	WEB2022045670	Zeltia López Gallego	Informa da existencia dun refuxio de morcegos nun galpón afectado polas obras e pide consultar o proxecto.

Consideracións legais e técnicas:

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).



- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu Regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLUR), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Lei 5/2019, de 2 de agosto, do Patrimonio natural e da Biodiversidade de Galicia.
- Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o Desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas.
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra (BOPPO 18 de marzo de 2019).

2ª Alegacións. En datas 14 e 15 de setembro de 2022 o xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas informou o seguinte sobre as peticións e alegacións presentadas:

- M^a Luisa Filgueira Crespo. Indica a cantidade á que ascende a valoración segundo se recolle no expediente e proxecto (630,50€). Polo que se refire á solicitude de aclaración sobre a división da parcela en dúas sinala que “a parcela marcada polo Catastro invade o dominio público real (indicado na ficha de expropiación cunha liña azul a trazos) nunha pequena superficie de aproximadamente 5 m², polo que dita superficie se considera un erro na definición da parcela e non se inclúe dentro da superficie de expropiación. Polo tanto, infórmase que a finca non quedará dividida en ningún caso.”



A petición de información foi atendida enviándosele á interesada comunicación sobre o contido do informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos.

- Sergio Acuña Baltasar. Informa que logo de examinar a documentación gráfica e a escritura de compra-venda da parcela núm. 22, presentada polo interesado o día 14 de setembro de 2022, con rexistro núm. 2022021669, se constata “unha discrepancia entre a ficha de expropiación da parcela núm. 22 incluída no proxecto (realizada a partires dos datos de Catastro do ano 2021) e a parcela real, que neste momento aparece actualizada na base de datos do Catastro e coincide coa información aportada polo interesado. Polo tanto, acéptase a alegación e procédese a modificar os datos da parcela 22 e das dúas parcelas lindantes con ela, que tamén están afectadas pola expropiación...”.

As modificacións non supoñen modificación do importe total dos xustiprezos.

- Zeltia López Gallego. Informa que: “no escrito expone que na parcela núm. 39 existe un galpón que “constitúe un refuxio de cría de morcego de ferradura pequeno e por tanto de realizárense este tipo de traballos destruíriase o mesmo”, e solicita que “se tomen as decisións oportunas para garantir o benestar dos morcegos e o cumprimento da lei”. Como queira que na alegación presentada non se acredita de calquera forma a existencia do devandito refuxio de cría de morcego de ferradura pequeno, será preciso comprobar previamente a súa existencia antes de tomar decisión algunha. Posteriormente, no caso de que exista dito refuxio de cría, procederáse ao cumprimento da lei e das normas de protección xeral das especies de fauna silvestre.”

En relación con esta solicitude de acceso ao proxecto das obras, presentada por Zeltia López Gallego fóra do prazo de exposición pública do expediente e do proxecto, o artigo 4.1.c) da LPAC considera interesadas no procedemento administrativo ás persoas cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar incididos pola resolución e se persoen no procedemento en tanto non teña recaído resolución definitiva. Aínda que a solicitante non ostente a condición de interesada e pida o acceso ao proxecto fóra do prazo da exposición pública, considérase que existe un interese difuso ou xeral que afecta a todos os cidadáns polo que o acceso ao proxecto está amparado pola Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de



Pontevedra (BOPPO 18 de marzo de 2019) e pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

No que atinxe á comunicación sobre da existencia nun galpón obxecto de expropiación dun refuxio de cría de morcegos incluídos no listado de especies silvestres en réxime de protección especial, conforme ao artigo 27 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia as obras de estradas promovidas tanto pola Administración autonómica ou polas entidades locais de Galicia, incluídas todas as actuacións necesarias para a súa execución, así como as realizadas nas zonas onde se sitúen os seus elementos funcionais, no resto da zona de dominio público ou na zona de servidume, constitúen actuacións de interese xeral.

Non obstante non se pode descoñecer que a protección da biodiversidade é de interese público. O artigo 5 da Lei 5/2019, de 2 de agosto, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia (LPNBSG), a Administración autonómica, no seu respectivo ámbito competencial, as entidades de dereito público e privado e toda a cidadanía teñen o deber de respectar e conservar o patrimonio natural e a biodiversidade, prestando especial atención aos hábitats e as especies silvestres en réxime de protección especial. Así a Administración autonómica e as administracións locais galegas teñen entre outros deberes os seguintes:

- Adoptar as medidas preventivas necesarias para evitar a execución de accións contrarias ós obxectivos da lei.
- Colaborar e cooperar entre elas para garantir un uso sostible do patrimonio natural e da biodiversidade.

O artigo 90 da LPNBSG crea o Listado de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia. Pendente de desenvolvemento regulamentario, o antedito listado deberá incluír as especies, subespecies e poboacións de competencia autonómica, que sexan merecedoras de atención e protección particular en función do seu valor científico, ecolóxico, cultural, pola súa singularidade, rareza ou grado de ameaza, así como aquelas que figuren como protexidas nos anexos das directivas e dos convenios internacionais ratificados por España. Por isto, débese ter en conta o Listado de especies silvestres en réxime de protección especial previsto no artigo 56.1 da Lei estatal 42/2007, de 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade e regulado



polo Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro. O artigo 91 do mesmo texto legal prevé excepcións ás prohibicións establecidas nos artigos 89 e 93 logo de autorización administrativa da Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, se non existira outra solución satisfactoria, e sen que supoña causar un prexuízo ao mantemento nun estado de conservación favorable das especies, subespecies ou poboacións de que se trate, na súa área de distribución natural.

Conclúese que de confirmarse a presenza de fauna silvestre protexida con ocasión da execución das obras, deberá procurarse a cooperación dos servizos autonómicos de Patrimonio Natural e Conservación da Natureza para non prexudicar o estado de conservación da poboación de que se trate e para a tramitación e, no seu caso, obtención de autorización para o seu traslado en aplicación do disposto no artigo 101 da LPN BG.

4ª Aprobación definitiva do proxecto.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 12/08/2021. A Intervención Xeral informou favorablemente a proposta de aprobación do proxecto o 13/06/2022.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da LEF entenderanse co Ministerio Fiscal as dilixencias correspondentes ás parcelas cuxos titulares non acusaron a recepción das notificacións individuais e non compareceron.

Polo que antecede e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o proxecto construtivo de “Mellora da seguraza viaria e mobilidade peonil na EP-0104 ramal Igrexa de Figueirido (Concello de Vilaboa)”, cun orzamento de licitación de 502.647,50€, de servizos afectados de 19.629,93€ e de expropiacións de 29.150,57€.



Segundo.- Autorizar a Zeltia López Gallego para a consulta do proxecto das obras e comunicarlle que, de confirmarse a presenza de fauna silvestre protexida con ocasión da execución das obras, adotaranse todas as medidas preventivas necesarias para o cumprimento da lexislación en materia de patrimonio natural e biodiversidade. De ser o caso, solicitarase a autorización dos servizos de Patrimonio Natural e Conservación da Natureza da Xunta de Galicia para o traslado da fauna silvestre dentro da área natural de distribución co fin de procurar o mantemento do seu estado de conservación.

Terceiro.- Estimar a alegación presentada por Sergio Acuña Baltasar e modificar a relación de bens e dereitos afectados correspondentes ás parcelas 21,22 e 23 rectificando o anexo de bens e dereitos afectados segundo se detalla no seguinte cadro:

PAR C.	DATOS PARCELA	SUPERFICIE DE EXPROPIACIÓN	IMPORTE DE EXPROPIACIÓN DO SOLO	BENS AFECTADOS				IMPORTE TOTAL DE EXPROPIACIÓN
	Referencia Catastral			Tipoloxía	Medición		Importe dos bens	
Nº 21	36058A02700079	14,00	42,00					42,00
Nº 22	36058A02700080	76,65	229,95	Peche de malla electrosoldada (h=2 m)	30,25	ml	1.210,00	1.919,95
				Árbores de gran porte	4	Ud	480,00	
Nº 23	36058A02700084	24,71	74,13					74,13

Cuarto.- Aprobar definitivamente o expediente de expropiación, declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos conforme á relación que se detalla no Anexo I entendéndose as dilixencias co Ministerio Fiscal en representación das persoas titulares das parcelas que non recepcionaron as notificacións individuais e non compareceron no procedemento.

ANEXO I. Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

PARCELA NÚM.	REFERENCIA CATASTRAL	BENS AFECTADOS
1	36058A01000255	21,74 m ² de superficie afectada. 2 ud. árbore ornamental/froiteiro.



PARCELA NÚM.	REFERENCIA CATASTRAL	BENS AFECTADOS
2	36058A02800018	41,15 m ² de superficie afectada. 11 m ² de murete de pedra granítica.
3	36058A02800002	1,14 m ² de superficie afectada. 2 ml de peche malla s/poste de formigón.
4	36058A02800003	7,05 m ² de superficie afectada. 7,5 ml de peche malla s/poste de formigón.
5	36058A02800004	12,56 m ² de superficie afectada. 9,5 ml de peche malla s/poste de formigón.
6	36058A02800005	8,18 m ² de superficie afectada. 8,5 ml de peche malla s/poste de formigón.
7	36058A02800010	34,21 m ² de superficie afectada. 51 m ² de peche de mampostería de pedra granítica.
8	36058A02800011	95,40 m ² de superficie afectada. 2 ml de murete de bloque.
9	36058A02800012	8,30 m ² de superficie afectada. 26 m ² de viñado.
10	36058A02800015	9,10 m ² de superficie afectada.
11	36058A02800016	50,44 m ² de superficie afectada.
12	36058A02800017	142,61 m ² de superficie afectada.
13	36058A02700001	199,75 m ² de superficie afectada.
14	36058A02700065	67,51 m ² de superficie afectada.
15	36058A02700066	60,77 m ² de superficie afectada. 50 m ² de viñado.
16	36058A02700067	42,50 m ² de superficie afectada. 21,5 m ² de viñado.
17	36058A02700068	133,15 m ² de superficie afectada.
18	36058A02700076	32,43 m ² de superficie afectada.
19	36058A02700077	18,92 m ² de superficie afectada. 3,75 m ² de murete de pedra granítica
20	36058A02700078	19,79 m ² de superficie afectada. 2,25 m ² de murete de pedra granítica
21	36058A02700079	14,00 m ² de superficie afectada.



PARCELA NÚM.	REFERENCIA CATASTRAL	BENS AFECTADOS
22	36058A02700080	76,65 m ² de superficie afectada. 30,25 ml de peche malla electrosoldada. 4 ud. árbores de gran porte.
23	36058A02700084	24,71 m ² de superficie afectada.
24	36058A02700085	69,13 m ² de superficie afectada.
25	36058A02700086	25,08 m ² de superficie afectada.
26	36058A02700092	26,82 m ² de superficie afectada.
27	36058A02700567	44,61 m ² de superficie afectada.
28	36058A02700172	23,52 m ² de superficie afectada.
29	36058A02700174	41,56 m ² de superficie afectada.
30	36058A02700176	80,20 m ² de superficie afectada.
31	36058A02700178	38,06 m ² de superficie afectada.
32	36058A02700179	37,17 m ² de superficie afectada.
33	36058A02700180	50,26 m ² de superficie afectada.
34	36058A02700181	7,45 m ² de superficie afectada.
35	36058A02700571	15,55 m ² de superficie afectada.
36	36058A02700198	17,70 m ² de superficie afectada.
37	36058A02700199	68,16 m ² de superficie afectada.
38	36058A02700302	114,57 m ² de superficie afectada.
39	36058A02700303	81,91 m ² de superficie afectada. 50 m ² de galpón
40	36058A02800183	13,71 m ² de superficie afectada. 7 ml de murete de bloque.



PARCELA NÚM.	REFERENCIA CATASTRAL	BENS AFECTADOS
41	36058A02800184	10,36 m ² de superficie afectada. 2,5 ml de murete de bloque.
42	36058A02800186	34,77 m ² de superficie afectada”.

11.7863.-MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA APOIAR AS RECLAMACIÓN DOS TRABALLADORES DE ENCE, CO FIN DE GARANTIR OS SEUS POSTOS DE TRABALLO E A FACTORÍA DE LOURIZÁN (EXPTE. 2022059803)

Sra. Presidenta.- Pasamos ó punto 11 da orde do día. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para apoiar as reclamacións dos traballadores de Ence, co fin de garantir os seus postos de traballo e a factoría de Lourizán. Déalle Sra. Pardo, non sei que pasa, ¡de verdál, vaia desastre, a ver, agora si, ten a palabra Sra. Pardo.

Sra. Pardo Pumar.- Si, muchas gracias Presidenta. Buenos días a todos. Bueno, voy a ser muy breve en mi exposición porque sinceramente espero y confío en que esta moción sea aprobada por unanimidad, especialmente por el tema de que se trata que es la defensa de los puestos de trabajo de nuestros vecinos de Pontevedra. En junio del 2016 el grupo de gobierno del Concello de Pontevedra con su alcalde a la cabeza, y apoyados por el PSOE inició una batalla judicial para expulsar de Pontevedra a Ence. Ese mismo mes comenzó la inseguridad jurídica, emocional, el no poder dormir por las noches, de más de 450 trabajadores de la factoría y de otros tantas cinco mil personas que ocupan puestos de trabajo. Familias gallegas que ven peligrar sus puestos de trabajo por una decisión arbitraria y caprichosa de un alcalde que optó por dar preferencia a sus apetencias personales, a las personas, sus trabajos y su futuro, y todo ello sin ofrecer una mínima solución a esta situación. Ustedes crearon un problema, un problema donde no lo había. Ese recurso fue estimado por la audiencia nacional que anulaba la prórroga en el año 21, si bien ahora se ha abierto un pequeño rayo de esperanza para estos trabajadores con la admisión a trámite por parte del Tribunal Supremo del recurso presentado por la fábrica. Y es que no nos podemos olvidar que está en juego el futuro de muchísimas familias, y hoy a las 20:00 horas todos esos hombres y mujeres saldrán a la calle en defensa de sus puestos de trabajo y han pedido el apoyo mayoritario de la sociedad civil



pontevedresa y de las instituciones, por eso solicitamos que este pleno muestre su apoyo a todas estas familias que salen a la calle en defensa ni más ni menos que de su trabajo y del futuro de sus hijos. Esto no va de posiciones políticas, no va de PP, no va de PSOE ni va de BNG, esto va de familias, de personas, de trabajadores con nombres y apellidos de muy diversa ideología, que ya no pueden más con la situación de inseguridad a las que se les ha sometido, esto va de apoyarlos a ellos, va de Luis, va de Ramiro, va de Bárbara, va de Marcos, va de Abel, va de Manuel, de Ana, de Jesús, de tantos y tantos trabajadores que a día de hoy no saben si el próximo año tendrán trabajo, si podrán pagar su hipoteca, o comprarse una casa, o iniciar un proyecto de vida, o pensar que futuro tendrán sus hijos. Pero esto va también de defender el futuro de nuestra provincia, de nuestra Comunidad Autónoma si ellos pierden su trabajo Pontevedra pierde, si ellos se van Pontevedra pierde, si ellos no tienen un futuro cierto Pontevedra pierde; y nosotros no queremos que ni ellos ni Pontevedra pierdan. Les pido que no hagan hoy una defensa selectiva de los puestos de trabajo y que no sólo se unan esta tarde a la manifestación que van a llevar a cabo los trabajadores de Ence, como hicieron en Alcoa defendiendo los puestos de trabajo, sino que también manifiesten en el pleno su apoyo unánime a estos trabajadores y a la defensa de sus reivindicaciones, por eso les pido su voto a favor de esta moción. Muchas gracias.

Sra. Presidenta.- Non hai máis solicitudes, é que non as veo aquí, delle. Ahora, no hai un problema entón teño que estar atenta. Ten a palabra Sr. Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Funciona, moi, grazas Sra. Presidenta. Moi bo día a todos e a todas. Vale, a verdá é que esto xa é un disco raído pero creo merece facer unhas cantas puntualizacións, ¿non?. En Pontevedra houbo un alcalde, que lle chamaron Pancho Cobián, que no 91-95 que intentou trasladar Tafisa e tamén Ence, o que choveu desde aquela e o que a regresión do Partido Popular. Mire, eu non sei que manía ten hoxe o PP con Pontevedra, francamente, agora todas as cidades, todas do mundo quitando o terceiro mundísimo inda así todas as industrias as foron sacando do interior da cidade, nas zonas urbanas, todas, quitando algúns casos, así pasou en Bilbao, así pasou en Barcelona, así pasou en Málaga, así pasou ..., e pasou, pasou, pasou, e en sitios pequenos incluso, en sitios pequenos, te pode decir que as conserveiras saíron da Illa de Arousa da trama urbana, ¡vale!. E agora nos veñen con que pois non sei que desgracias suceden. Mire, iso é un proceso que Ence sabe, hai moitos anos que tiña que irse de aí, que a comprou coa condición de que se iba no 2018 e maniobrou para quedarse e



maniobrou a saber tal. O mesmo Sr. Feijóo tamén estaba a favor, tamén estaba a favor, tamén estaba a favor de que se sacara de aí, despois cambiou o conto, a saber por que, algún día se sabrá, porque francamente é, vamos, é absolutamente inaudito. Evidentemente, claro que hai un problema laboral, como houbo en Tafisa, como houbo en Elnosa, houbo na Cross, digo empresas de Pontevedra que estaban mal ubicadas e que foron desprazándose, claro que o hai, pois haberá que resolvelo de algunha maneira. Agora utilizar eso para aferrarse a que Ence ten que seguir tendo un trato de favor, e á parte nestes momentos, ¿non?, non sei se saben ustedes que Ence consume tanta auga coma Vigo, nestes momentos está parada porque non hai auga e esto creo que veu para quedarse, ou sea, que eso vai a suceder máis dunha vez, ogallá que non, pero todos nos tememos que si, a menos que vostedes sean tamén negacionistas do cambio, do cambio climático. Eu, en todo caso, teño que agradecer unha cousa, que dende hai un tempo, ¿non?, cada un se manifesta, fai a publicidá que quere pero non se dedica ó que chamamos ence borroka. A min púxome os pelos de punta ver, por exemplo, no pregón, no pregón do ano pasado, como os concelleiros do Partido Popular estaban alí apoiando e instigando un caso claro de acoso e o que queiran chamarlle. Nós chamámoslle ence borroka, bueno, polo menos van de maneira civilizada, veñen co disco raiado a repetir aquí e demais, bueno, eso é admisible o que non era admisible era o outro, ¡eh!, o outro, están por aí as fotos e todos sabemos, todos sabemos ao que andamos, agardemos que eso pasara á historia, agardemos que pasara á historia, pero bueno, sucedeu, sucedeu. Entonces, claro, aquí, en todas as cidades se cambian industrias, se pechan, se modifican e, bueno, pois é un proceso que hai que ir levando, en fin, recolocando o persoal, como sexa, ¡ah!, menos Ence en Pontevedra, menos Ence en Pontevedra. É dicir, tivemos, creo que o dixemos, esa tenderetada que montaron ustedes con aquilo do mar-industria, ¿non?, hai uns plenos, xa advertín, supoño que estará de fondo Ence, ¡bueno!, está de fondo Ence, evidentemente, evidentemente, non sei que agarraduras, que teñen ustedes con Ence, non sei o anterior Presidente da Deputación fixo o ridículo de ir de asistir á assemblea de accionistas, non sei que teñen con Ence, que cambio meteron porque nos anos 90 estaban polo lóxico, que se tiña que ir; o Sr. Feijoo no ano 10 ou 9 estaba polo lóxico, que se tiña que ir, e de repente queiman as naves, queiman as naves e, non, vamos, defendendo a Ence, incluso facendo cousas que francamente supoño que se avergonzarán como o pregón ou como o asalto á alcaldía. ¿Que sucedeu cando se marchou Tafisa de Pontevedra? Ben, houbo un problema laboral, tamén houbo protestas, pero, ¿que sucedeu? Que mellorou a cidade, como todas, a industria hoxe é incompatible con estar nunha zona urbana, e moito máis en dominio público



marítimo-terrestre como está esta, con todas as preverendas e beneficios do mundo que non teñen outras, que non teñen outras industrias, que por certo nos están, vamos, dando postos de traballo e facendo que esta cidade progresa.

Sra. Presidenta.- Rematou o seu tempo Sr. Mosquera, logo pode seguir intervindo. Sr. Font.

Sr. López Font.- Ahora, gracias Presidenta. Con esta moción só buscan ruído político, o típico barullo deste partido dunha cousa e a contraria, que só busca confundir. O PP sempre perde nos debates dos argumentos, a estratexia do PP non pasa por confrontar ideas senón polo simple ruído e a crispación. O mesmo por tratar directamente de aproveitarse das lexitimas queixas de colectivos laborais afectados por unha conxuntura concreta, Ence non é unha excepción senón outro exemplo máis de isto que é a norma do PP. O único obxectivo da súa obsesión por traer mocións sobre Ence a este pleno é o que vostedes na súa maneira de entender acción política como puro combate partidista entenden como tratar de poñer nun apuro ao adversario, pero erraron no pasado, volven a errar hoxe. Ao PP a verdade non lles preocupa os traballadores e traballadoras, no PP tan só contan os intereses políticos do PP que sempre son a curto prazo e case nunca gardan relación co interese xeral. Ao PP non lle interesa nin a planificación do futuro do país, nin o benestar social, nin moito menos un colectivo laboral concreto e tampouco aos traballadores e traballadoras de Ence, tan só traen as súas reivindicacións para ver se en río revolto hai ganancias de pescadores, non nos van atopar aí. Estamos fartos e fartas das súas performance finxindo que defenden aos traballadores e traballadoras cando a realidade é que o Partido Popular caracterízase pola defensa das clases máis privilexiadas e o demostran día a día. O PP sempre está en contra das medidas que benefician ás clases traballadoras, demóstrao, como decía, unha e outra vez isto é algo tan evidente que non precisa máis aclaracións. ¿Que fixo o PP pola plantilla de Ence? Á parte de traer mocións valeiras a este pleno da Deputación. ¿Beneficiou en algo a este colectivo laboral a errática trayectoria do Partido Popular? Fagan exame de conciencia e pregúntese, e pregúntense se as súas contradicións flagrantes do Partido Popular en España, en Galicia i en esta provincia durante os últimos anos teñen algo que ver coa situación de Ence. Non imos apoiar esta moción por moitos motivos principalmente porque non introduce nada novo pero sobre todo porque volve a utilizar dunha maneira moi reprobable a un colectivo de persoas que con toda razón do mundo está preocupada pola continuidade dos seus postos de traballo, unha moción que retrata una vez máis a este Partido



Popular que sempre que lle toca decidir decide en contra das clases medias e traballadoras e en favor sempre das capas máis privilexiadas da sociedade. Como conclusión, o futuro de Ence aínda que o PP pretenda facer crer o contrario non se decide nesta Diputación. Tamén a nosa postura é clara buscar unha alternativa, e sempre o dixemos. E terceiro, si tivéramos traballado xuntos nesta dirección é moi probable que as e os traballadores tivesen unha solución no horizonte. Gracias.

Sra. Presidenta.- Agora. Sra. Pardo.

Sra. Pardo Pumar.- Si, muchas gracias. Bueno, Sr. Mosquera, muchísimas gracias por su concretísima y fundamentada respuesta que nos ha dado, si para usted Sr. Mosquera la defensa de los puestos de trabajo es un disco rayado, pues apague y vámonos. Hablaba usted de que era, cuál era la posición del Partido Popular en Pontevedra, que si con un alcalde, que si con otro alcalde, mire, (*enseña un papel*) esto es con su alcalde, con el Sr. Lores, que cuando buscaba los votos si decía que estaba de acuerdo con Ence porque era generador de puestos de trabajo y que sería generador de los puestos de trabajo, (*enseña otro papel*) acta del Ayuntamiento de Pontevedra, pleno, cuando estamos en la oposición digo una cosa consigo los votos y cambiamos a defender la postura contraria, ese es el Bloque Nacionalista Gallego de Pontevedra, los que se erigen en defensores de la clase obrera, pues hay que ver como los defendemos. Pero mire, le voy a decir más, lo que pasa es que antes quiero contestarle al Sr. López Font a quienes no les interesan los trabajadores es a ustedes, a ustedes y lo han dejado clarísimo, y además le voy a decir una cosa es que el PSOE no sabe dónde está, son ustedes los reyes de la defensa selectiva, se lo digo clarísimo, el PSOE en Navia da palmadas para recibir a Ence, en Pontevedra encabeza los recursos judiciales, tendrá usted que explicarme que es lo que pasa, ¿de acuerdo?, defensa selectiva de los puestos de trabajo. Me habla usted que el Partido Popular es el que no defiende a las clases medias y el que va a hundir a las clases medias, ustedes con lo que acaban de anunciar ahora mismo, el Partido Socialista, de la reforma de la fiscalidad, que deja abandonada a la clase media española, que no va a recibir ningún beneficio, ustedes, ustedes me hablan a mí de contradicciones con lo que acaban de hacer, con lo que vemos en el PSOE de Navia, con lo que vemos en el PSOE de Pontevedra, que en una cosa digo “a” y en otra cosa digo “b”, ese es el Partido Socialista y no, ustedes no apoyan los puestos de trabajo, no apoyan a los trabajadores, sólo si comulgan con ustedes, depende de dónde estén. Y, Sr. Mosquera, se permite usted el lujo de llamar a los trabajadores, que me parece



horroroso y le voy a pedir que lo retire además del acta, Ence borroka, Ence borrokeros, comparándolos con la kale borroka que todos sabemos lo que es y lo que fue en España, gente que cometía actos violentos por el mero hecho de perseguir a aquellos que no comulgaban con su ideología y usted lo compara con trabajadores que protestan por defender su pan, su futuro y el de sus hijos. Muchas gracias.

Sra. Presidenta.- A informática...

Sr. Mosquera Lorenzo.- Bueno, non pedín a palabra pero é igual xa que, xa que tal, vou a falar. A verdá é que retorcer a realidade pois pódese retorcer o que se queira, pero: a) o Alcalde de Pontevedra sempre mantivo desde os anos 70, desde os anos 70, a mesma posición, ¿vale?; no, bueno, unha noticia de prensa o que sea, saque usted o que queira, ben, ben a); b) tirar contenedores, queimar, poñer tal, acosar a cargos públicos e o que sexa, chámelle usted como queira, chámelle como queira, pero, chámelle Ence borroka, chámelle violencia calexeira, chámelle violencia de baixa intensidade, chámelle como queira, pero eso sucedeu e grazas, afortunadamente xa non o hai, e díxeno antes e sigo insistindo; c) estou aquí, ou sea, unha cousa é que unha industria, claro que necesitamos industria pero colocada onde debe estar. Podo seguir cos exemplos, podo seguir, Massó en Cangas, etc., etc., podo seguir con todos os exemplos habidos e por haber. Estou seguro, aquí hai alcaldes, por exemplo, que se imaxinen pois unha serrería pois no centro da Estrada, no medio das casas, ¿non?, ou o que sexa eso hoxe pasou a historia menos Ence en Pontevedra, aí chegamos ó óso e aí, ¿por que? ¿por que? É que, imaxínese Frigolouro no centro do Porriño, ¿non?, en zona urbana do Porriño, o que queiran, eso hoxe pasou á historia, pasou hai moitos anos, xa pasou á historia hai moitos anos, pois erre que erre que Ence, cunha que tiña esa vía que foi vendida sabendo que tiña que irse o 18, que está en dominio público marítimo-terrestre, que é a única do Estado, o sea, non necesita estar, porque é argumento da audiencia, etc., podemos seguir ata o infinito, vale. Entonces, pode retorcer todos os argumentos que queira, pode dicir o que queira, pero o certo é que en Pontevedra temos unha industria colocada nunha zona urbana que é a zona de expansión de Pontevedra e Marín, que a desgraciou, e que hai que sacala de aí, hai que sacala, ¿vale?, ese é o problema. E, o PP de repente, que antes defendía o mesmo, como defendería calquera de ordenación do territorio mínimo, con dúas ideas, con dúas nocións do que está pasando nas cidades, nas vilas, nas cidades, resulta que agora se colle a bandeira e se abraza a esa, algún día sabremos por que, desde logo, non é polos postos de traballo, é evidente, porque



todas as empresas que foron salindo da zona urbana tiñan postos de traballo, todos, todas, eso hai que resolvelo doutra maneira e ben o puideron resolver trasladándoa a outro sitio.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Sr. Font, ten a palabra, teñen que esperar porque...

Sr. López Font.- Gracias. No voy a consumir prácticamente el tiempo. Simplemente es para decir que me repito y me reafirmo, nos reafirmamos en los argumentos que dimos anteriormente, y decirle a la Sra. Pardo que el día que quiera hablar de impuestos puede presentar una moción para explicarnos porque el PP le quiere reducir cuatro mil cuatrocientos euros a los más ricos y reducir treinta euros a las clases trabajadoras, el día que quieran presentan una moción y debatimos sobre eso. Pero estamos hablando de Ence y nuestra posición es clara y la hemos dicho siempre sin ningún tipo de contradicción hay que buscar una alternativa a la ubicación de Ence. ¿Le quedó claro, Sra. Pardo? Porque no tengo nada más que decir.

Sra. Presidenta.- Es que hai un ... agora si, ten a palabra. Non hai forma, a ver, non, ¿verdá? ¿Lle importa usar o micrófono?

Sra. Pardo Pumar.- No, que va.

Sra. Presidenta.- Pois gracias.

Sra. Pardo Pumar.- ¿Así, se oye? Bueno, Sr. López Font, si me queda claro, lo tengo claro desde el primer momento creamos el problema pero no buscamos soluciones, no sé hace cuánto tiempo anuncio el Sr. Regades “vamos a buscar una alternativa”, ustedes no buscan soluciones porque no les importa, porque defienden una cosa en Pontevedra y la contraria en otro sitio, ya les he dicho son ustedes los reyes de la defensa selectiva de los puestos de trabajo, y con eso con todo lo demás. Y si, si quiere presentamos una moción pero entonces lo haremos el día que usted presente una moción y nos explique porque el Partido Socialista está empeñado en hundir a la clase media española, usted me explicará. Y sigo, Sr. Mosquera, mire, me encanta oírle hablar del respecto, últimamente están ustedes y el señor, está usted y el señor Lores muy nervioso con eso del respecto a las autoridades públicas, ¡eh!, claro que hay que tenerle respecto a las autoridades públicas, claro que nosotros condenamos todo tipo de escrache, de



violencia que haya, no como ustedes, como me gusta verlos ahora aquello que es el jarabe democrático, aquellos que defienden tan como los veíamos al Bloque en aquellas manifestaciones de actos violentos de Pablo Hasél, o como los veíamos con el lume á monarquía, y ahora, válgame dios, como nos ponemos con unos trabaxadores que defienden el pan de sus hijos, Sr. Mosquera, hay que ver “de casta le viene al galgo”, ¡eh!, muchas gracias.

Sra. Presidenta.- Bueno, rematado o debate sometemos a moción do punto 11 da orde do día a votación. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda rexeitada por 16 votos en contra e 11 a favor.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do Partido Popular (PP), rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para apoiar as reclamacións dos traballadores de ENCE, co fin de garantir os seus postos de traballo e a factoría de Lourizán.

12.7864.-MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA DESTINAR INTEGRAMENTE AO PLAN CONCELLOS O INCREMENTO DE INGRESOS POR PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO (EXPTE. 2022059980)

Sra. Presidenta.- Pasamos ao punto 12 da orde do día. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para destinar integramente ao Plan Concellos o incremento de ingresos por participación nos tributos do Estado. Ten a palabra.

Sr. Cubela López.- Si, bos días. Bueno, eu tiven sorte e foime á primeira, así que a ver se o debate vai igual de ben. Bueno, dende o Grupo Provincial do Partido Popular é sobradamente coñecido que vimos, nas últimas semanas poñendo o foco sobre as dificultades que están atravesando os pequenos concellos da provincia de Pontevedra, dificultades nas contas e para cadrar orzamentos. A inflación e a subida dos prezos está causando grandes estragos na administración local. A suba da luz, a suba dos combustibles, a suba do gas, en definitiva a inflación está descalabrando e baleirando as contas municipais e isto pon en grave risco a estabilidade económica dos concellos i o mantemento dos servizos públicos municipais. Vimos, ademais alertando desta situación sin que a



Diputación de Pontevedra tomara unha soa medida nin fixera absolutamente nada para apoiar aos concellos pequenos e medianos da provincia nesta crise económica. A pesar de que como todos sabemos a supervivencia e o mantemento das deputacións ten como finalidade apoiar e cooperar cos concellos pequenos i medianos, é o gran papel que deben seguir as deputacións, e por iso ante as dificultades que nos trasladan os alcaldes e alcaldesas, tamén os alcaldes socialistas da provincia de Pontevedra, este bipartito sigue mirando para outro lado, escusándose en cuestións e argumentos vanadís. Certamente, a Deputación aínda non puxo ningunha medida enriba da mesa, e a que puxo foi modificando as bases do Plan Concellos sobre os dos anos da pandemia onde non puidemos integrar gasto corrente nin pago a provedores no ano 2022 a través do Plan Concellos. Por iso, ante este vacío de poder que hai na Deputación de Pontevedra i esta incompatibilidade manifesta entre PSOE e BNG con concellos pequenos o Grupo Provincial Popular traen unha proposta ao pleno para que se debata. Tendo coñecemento de que o Ministerio de Facenda, que xa comunicou á Comisión Nacional de Administración Local e á Federación Española de Municipios i Provincias, que tras a sobrerrecadación que se produciu no Estado correspóndelle ás entidades locais para 2023, con todo o que se suma ademais na liquidación que se vai a coñecer do 2021, un 5% máis de transferencias a través dos tributos do Estado. É dicir, segundo os datos do Ministerio de Facenda a Deputación de Pontevedra vai recibir para o ano 2023 un 5% máis de transferencias, polo que aumentará o estado de ingresos do orzamento 2023 uns 7 millóns de euros; un incremento que é absolutamente vital que sexa trasladado aos concellos da provincia. Esta sobrerrecadación non se produce pola mellora da situación económica xeral senón que vén provocada polo maior esforzo ó que se están vendo sometidos os cidadáns e as empresas do territorio. Neste sentido é a nosa obriga garantir que ese incremento de fondos, produto da sobrerrecadación, que está a cargar sobre os veciños da nosa provincia se lles devolva en máis servizos e en mantemento dos servizos actuais; que se faga a través dos concellos que son os que máis están sufrindo as consecuencias da crise, nos que o impacto directo deses problemas con eses ingresos axudaría a poder seguir prestando servizos básicos en cuestións como mantemento da rede viaria municipal, o alumeadado público, o mantemento da rede de saneamento i tamén as redes públicas de augas. Por iso, non podemos falar de que coa previsión que había se conxela a cantidade que se anunciara no Plan Concellos, a Deputación de Pontevedra vai a ter no ano 2023 un orzamento récord, i debe de ser co apoio da Deputación, por todos os recursos a disposición dos concellos, o motor da supervivencia i do mantemento dos servizos aos veciños. Por iso



trasladamos esta proposta que debería ser apoiada por todas as forzas políticas presentes na corporación para que o incremento no orzamento de 2023 se integre no Plan Concellos de forma íntegra. Moitas grazas.

Sra. Presidenta.- ¿Sr. Mosquera pediu a palabra? Agora, agora.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sra. Presidenta. Si, estaba creo que a Presidenta falando co Interventor, o Interventor estanos enganando, estanos enganando, porque si é o 5%, se é o 3, en fin, *(escóitase falar pero non se percibe)* xa, xa, pero digo para o ano que vén ... *(escóitase falar pero non se percibe)*.

Sr. Interventor.- Esa liquidación do 2021 pois non sería tal, é dicir, iría unha cousa coa outra e non chegaría, é dicir, mentras non se sala o proxecto de Lei de Presupostos e se vexa que se compensa a liquidación negativa do 21, ese 5, non é un 5% de incremento, hai un incremento das entregas a cuentas que é o 3%, que é no que estamos facendo o presupuesto da Diputación.

Sra. Presidenta.- Explicado, o noso gozo nun pozo, non vai haber un 5, vai haber un 3, en principio. Ten a palabra Sr. Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Si, si, entón, e tal, xa está, bueno, non creo que, non creo que o esgote. Eu dígolle o mesmo, ¿non?, benvidos ao Plan Concellos, non existía antes é unha creación deste goberno, agora parécelle moi ben, dedica moito máis medios aos concellos e con criterios obxectivos. Nós, a Diputación tamén vai a ter máis gastos, ¿eh!, o persoal hai que subilo, a luz sube, a electricidade, ¿non?, sobe, vai a ter máis gastos, vale. Polo tanto, si hai esa, ti fíxate a argumentación, o sea, vai haber un 5% máis, dubidoso senón falso, para a administración local, o sea, tanto para os concellos coma para a Diputación, pero xa poñemos a venda e dicimos, o que veña para a Diputación para os concellos, porque a Diputación valeirámola, eu encantado, ¿eh!, sabe cal é a miña postura que desaparezan as diputacións, pero as diputacións tamén teñen gastos e vamos a ver como encaixamos, ¿vale?, e como si nós presentamos aquí unha moción dicindo, o que que veña demais para os concellos que o devolvan, quitámosllo do Plan Concellos porque xa ten. É que, de verdade, é que é unha argumentación, é que non sei de onde o sacan. Ben, e segundo, a min ese ritintín dos concellos pequenos, ¿eh!, xa nos gustaría aos concellos máis grandes, máis de dez mil, máis de vinte, máis de cincuenta, levar a metade do que levan os concellos pequenos por habitante, é que xa está ben, xa está ben, tivemos que escoitar nos concellos



grandes, chámase en Pontevedra e tal, que iba todo para os pequenos, e nos pequenos que vai todo para os grandes, creo que hai, as contas son públicas están aí e creo que está clarísimo, está clarísimo, ou sea, 100€ por habitante para os concellos máis pequenos, máis de 100, 70 para os outros e despois chegamos a 20 para os concellos máis grandes. É que non sei que queren, non sei, non acabo de entendelo, é difícil de entender, é moi difícil de entender, ou sea, porque decir bueno, nunca tantos cartos se mandaron aos concellos, ¡sil!, pero mándeme máis, a Diputación que non teña cartos para funcionar, é que a ver, francamente, creo que, despois en privado din o contrario, claro, porque é lóxico, nunca tantos cartos recibimos e estamos encantados con esto. Pero bueno, hai que dicir algo e se lle ocorre dicir esto, pero é moi, moi incoherente, moi incoherente e vamos á parte creo que sin ningún percorrido.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. A mi esta moción me pareció una broma pesada en principio y ahora escuchando al Sr. Cubela todavía más, 5%, 7 millones y demás. Además parece mentira que se planteen en la Diputación de Pontevedra que transfiere el 33,77% de forma directa a los concellos y donde ustedes gobiernan, Diputación de Ourense el 0,03%. Pero mire, yo quiero ir a la parte política, tiempo, perdón ... (*escóitase á Presidenta*), yo quiero ir a la parte política, la Constitución Española establece la obligación del Estado y de las Comunidades Autónomas de financiar a los concellos, y es la Ley de bases de régimen local la que complementariamente establece el papel de las diputaciones. ¿Cuál es la realidad aquí? Que el Estado y la Diputación de Pontevedra cumplen con la Constitución, la Xunta de Galicia no cumple con la Constitución, porque no hace esa financiación a los concellos y encima les adjudica obligaciones sin darles la financiación correspondiente. La Diputación de Ourense no cumple con la Constitución ni de broma. ¿Cuál es la realidad complementaria?, y esto es muy importante, que Estado y Diputación de Pontevedra financian de forma reglada y transparente a los concellos, la Xunta y la Diputación de Ourense desde luego que no. Y claro, ya digo al leer la moción me parecía que estaban de broma porque fíjense “la Diputación de Ourense por primera vez en el año 2023 va a tener 4,7 millones de su presupuesto reglados, eso sí va tener 5,1 millones para darles a dedo directamente a los ayuntamientos. Vayamos a la Xunta, la Xunta reparte 112 millones del Fondo de Cooperación Local, que es la misma cantidad que había en el 2009, eso si, ha hecho crecer el fondo adicional hasta 359 millones para darle a dedo y por la noche en 9 minutos a los concellos. Si este es



el modelo de cooperación del Partido Popular pues ciertamente es una broma. Pero es algo peor Sr. Cubela, ustedes han votado aquí en contra el que instemos a la Xunta de Galicia a incrementar esos 112 millones. Pero, ¿de qué me están hablando? Primero fue Feijóo, ahora es Rueda, con pandemia, con crisis de materiales a la que ustedes aluden permanentemente y no han hecho absolutamente nada. Ustedes gobiernan en la Diputación de Ourense y cómo es posible votar aquí en contra de que se incremente este fondo. Miren, los datos demuestran como gobiernan ustedes. Luego hablaremos de convenios de Baltar. Datos de los convenios firmados por la Xunta de Galicia en 2021 con los concellos de Pontevedra, de aquí, de aquí, de la Diputación y de la provincia, de ustedes y de la nuestra. De 98 convenios, 77 para concellos del PP, calcule el porcentaje, de 29 millones repartidos 21 para concellos del PP, ¿sabe cuál es el gasto medio de estos convenios favoreciéndoles a ustedes directamente?, 110 euros por habitante. ¿sabe cuál es el gastos medio para ayuntamientos gobernados por el PSOE, 14 euros; para el BNG 1,8 euros y para los independientes 1,4 euros. Pero hay algo peor todavía, 22 concellos de esta provincia, de la suya y de la mía, no han podido firmar ningún convenio con la Xunta, más del 30% de los concellos no han sido capaces. De verdad, siendo la administración, insisto, que más transfiere, y lo dice Hacienda no lo dice el Sr. Font, el 33,77%, no sólo, o sea no se como de verdad tienen vergüenza para presentar esta moción. Pero es todavía peor, coja el BOPPO, coja el Plan Concellos, dado que habla de gasto corriente, le voy a dar una copia, Sr. Cubela, con la línea 2 del Plan Concellos los concellos pagan gastos financieros y corrientes. Es mentira lo que ha dicho usted. Pagan proveedores, pagan Sogama, pagan luz, amortizan deuda, pagan gasto corriente, es decir, liquidez, la liquidez que usted pide en términos absolutos. Pero es que además de mentira en mentira no reconocen que durante la pandemia se habilitó la posibilidad de que un 30% de la línea 1 pudiera pasar a la línea 2, si tienen ustedes los concellos toda la ventaja dentro del Plan Concellos que ya le digo, le voy a dar una copia. Y además habilitamos un fondo extraordinario para todos los concellos. La flexibilidad es total, e inclusive también se permite pasar de la línea 2 a la línea 1, por si ustedes los alcaldes o alcaldesas considera que lo que hay que hacer es obras. Y esto debe de estar muy bien porque se han pasado, a algunos concellos, un total de 750.000 euros en estos trasvases que decían. Por lo tanto, las necesidades totalmente cubiertas, otra moción de ruido y en la siguiente hablamos más de lo mismo.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. *(Non se escoita entre os tempos 01:03:59.00 e 01:04:09.13).*



Sr. Cubela López.- Agora. Moi ben. Bueno, Sr. Font, ten que ser unha broma que fale un concelleiro do PSOE de Vigo sobre os investimentos da Xunta nos concellos do PP. Se quere falamos da gran transformación que grazas ós investimentos da Xunta de Galicia está acometendo o Concello de Vigo onde goberna o Partido Socialista Obrero Español. Si, si, si, depuradora, edificio xudicial, moitísimos investimentos, non ..., miren, non se poñan nerviosos, por favor, que estou no meu turno da palabra. Sra. Presidenta, por favor, con todo o respecto.

Sra. Presidenta.- A ver, a ver, si, si, perdone que lle vou a volver a dar a palabra. Señores do Grupo Socialista, non están no uso da palabra, respecten o uso da palabra de quen a ten. Non, o digo moi en serio, ¡eh!. Ten a palabra Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Moitas gracias. Dígoo de verdade, pareceume unha broma, ademais de que volven outra vez; cando traemos unha moción construtiva, onde non atacamos a ninguén, simplemente nos facemos eco e alzamos a voz das propostas e das necesidades dos concellos e dos alcaldes e das corporacións aquí na Deputación. Calquera proposta do Partido Popular atopámonos coa pancarta do Partido Socialista co que fai a Xunta de Galicia, volvemos ós tres mandamentos, o PP, a Xunta e Feijóo, agora é Rueda, xa o di o Sr. Caballero, “Rueda es mucho peor que Feijóo”, menos mal que leva tres meses. O que pasa é que sempre se atopan no paredón da realidade cando chega a noite electoral das eleccións autonómicas dende o ano 2009. Miren, falamos de convenios, traemos a esta casa que é a casa dos concellos, a casa onde os alcaldes se teñen que sentir representados, esta moción tamén a traemos porque, en tono baixiño, os alcaldes socialistas nos din que tamén a traíamos, ou é que non se lembran que o ano pasado 8 alcaldes do PSOE nos medios de comunicación se atreveron a pedir un cambio e unha rectificación nas formas e no proceder da Deputación de Pontevedra. En palabras, na Voz de Galicia, un deles dicía “que a Deputación debía investir máis nos concellos pequenos e non nas cidades”. Díxoo un alcalde do PSOE non era do Partido Popular. En definitiva, traemos unha moción para pedir que o mínimo do que se prevé que se vai a transferir ás entidades locais, unha vez que coñezamos que a Comisión Nacional de Administración Local e a Ministra de Facenda o fan público, que se integre no Plan Concellos. Non pedimos que se gaste en gasto corrente nin que a Deputación asuma cousas que non pode. O único instrumento que temos a disposición os concellos na Deputación de Pontevedra como instrumento de Cooperación é o Plan



Concellos, por iso que vostedes son os abandeirados e os alarifes de defender o Plan Concellos, consideramos que é moi positivo que hoxe neste Pleno se acorde que cando vaian a redactar as bases do Plan Concellos as contas que se entreguen a través da participación e das transferencias do Estado o que se aumente se integre de forma completa no Plan Concellos. E será algo que lle aplaudamos se o fan, será algo que lle aplaudan os alcaldes do Partido Popular e tamén os seus, os do Partido Socialista e os Nacionalistas. Máis nada.

Sra. Presidenta.- Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. La verdad, Sr. Cubela, estuvo usted simpático, porque decirme a mi que el progreso de la ciudad de Vigo es gracias a la Xunta, esto ya es el colmo. Pero bueno, estuvo ciertamente simpático. Mire, yo voy a entrar en el fondo y es el tema de la financiación local y a ustedes estos debates no les interesa en absoluto, y decía antes del Gobierno del Estado y de las Comunidades Autónomas, y el Gobierno del Estado con esos incrementos, independientemente de la puntualización que ha hecho el Sr. Interventor, es un incremento real, incremento que no se produce en la Xunta de Galicia. Pero aquí lo importante es que esta Diputación, la suya, la nuestra, tiene 43 millones de euros en un Plan Concellos, y que la Diputación de Ourense tiene 4,7 millones en el Plan de Cooperación, esa es la diferencia de donde gobernamos nosotros y donde gobernamos ustedes. Mire, si usted fuese el alcalde de Ribadavía tendría 51.000 euros, 51.000 euros, Sr. Cubela, como es el alcalde de Cerdedo-Cotobade tiene 744.000 euros, esa es la diferencia de un gobierno a otro gobierno. Porque esta Diputación de todo lo que tenía el Sr. Louzán, en una cuestión de siglas y demás nosotros la doblamos y como digo tenemos 43 millones de euros. Pero es que luego no se puede ocultar, esta Diputación tiene una ayuda de 3 millones para combatir la sequía, y la Xunta de Galicia, atiéndanme bien, tiene 600.000 euros para todos los concellos de Galicia. Pero ¿qué me están diciendo?, ustedes gobiernan desde un caciquismo decimonónico absoluto, ustedes gobiernan en la Diputación de Ourense con 51.000 euros para cada uno de los concellos como si fuera una auténtica propina y aquí es donde realmente se gobierna con transparencia para todos. Pero hay algo más importante porque la FEMP va a actuar ante el Ministerio de Hacienda reclamando unas reivindicaciones justas para los concellos. Pero mire Sr. Cubela, yo le voy a hacer a usted una propuesta, usted y yo nos cogemos el próximo lunes de la mano, en el sentido figurado de la palabra, y nos vamos a la Xunta de Galicia a pedir un fondo local de 500 millones de euros para atender a todo lo que estimamos que necesitan los concellos. ¿Me



acepta el reto? ¿Vamos usted y yo el lunes a la Xunta de Galicia a pedir este fondo adicional? ¿Vamos usted y yo el lunes a la Xunta de Galicia a pedir un ICO gallego? Esto es lo que se está haciendo en otras administraciones y esto es lo que ustedes están tapando a la Xunta de Galicia.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Sr. Cubela, ten vostede ... a ver, agora si, ten a palabra.

Sr. Cubela López.- Agora. Pois fíxese que ía felicitalo polo tono no que se expresou en galego con esa moderación e o distinto que é cando cambia ó castelán. Así que, home, está moi ben que a min me replique doutra forma. Miren fala o goberno da Deputación, fala o seu Vicepresidente, o cal sabe que o respecto moitísimo e que o aprecio, para ir da man a falar coa Xunta de Galicia. Eu propóñolle que o luns ás 9 da mañán vostede convoque aquí a todos os alcaldes da provincia de Pontevedra, a todos, ós que representan ós seus veciños en cada concello, que os sente neste salón e que lles pregunte se están de acordo ou non coa moción do Partido Popular. Non teño nada máis que dicir. Bos días.

Sra. Presidenta.- Bueno, eu teño hoxe que agradecerlle ó Sr. Font o esforzo que fai en falar en galego, non é galego falante, e eu quero felicitalo, sei que supón un enorme esforzo para el, tanto como se eu pretendiera aquí, de verdade é así, falar en ruso, que non podería seguro. Así que eu llo quero agradecer e ademais o animo a que cada día máis o intente, nós temos un idioma precioso, e bueno, só se aprende a falar falando, ¿non?, de vez en cando se pasará vostede ó castelán e tamén nós o entendemos, pero eu quero poñer en valor a outra parte, a de que vostede faga o esforzo de falar no noso idioma. E ben, sometemos a votación esta moción do Grupo Provincial Popular que está no número 11 da orde do día. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda rexeitada por 16 votos en contra e 11 a favor.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, acorda por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do Partido Popular (PP), rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para destinar integramente ao Plan Concellos o incremento de ingresos por participación nos tributos do Estado.



13.7865.-**MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á CREACIÓN DO FONDO FINANCIERO EXTRAORDINARIO DE ANTICIPOS REINTEGRABLES (EXPTE. 2022059983)**

Sra. Presidenta.- E pasamos agora ó punto 13 da orde do día. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar á Deputación de Pontevedra á creación do fondo financeiro extraordinario de anticipos reintegrables. Se non lles importa vou a salir durante 10 minutos que teño unha chamada urxente que atender e queda o Sr. Mosquera, volto nun minuto.

Nestes intres pasa a presidir a sesión o Sr. Vicepresidente D. Cesáreo Mosquera Lorenzo. (tempo 01:13:31.23).

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Si, pero aquí aparéceme Pardo Pumar, bueno, a ver, a ver se funciona, veña. Non se pon en vermello, me cachi na mar, volvo a darlle pero o problema é que non me borra os ...

Sr. Cubela López.- Vai, non pasa nada, esto é unha cuestión que nos pode pasar en calquera momento, así que, os tres anos e medio que levamos aquí foron ben, non vamos a lembralo por este falliño. ¿Xa me dá a palabra Sr. Mosquera? Si, bueno, como cando vostede preside o pleno é todo máis, parece que é todo máis fácil, vamos a comezar. Certamente, oe, que non se me mal interprete o que dixen antes, eu felicitaba ó Sr. Font polo brillante e perfecto galego que facía co cascarrillo que el facía de que lle parecía unha broma o que eu dixen, pois que el mantivo un tono moderado cando falou en galego. Ben, traemos unha segunda proposta, unha segunda moción a este pleno para seguir defendendo aos concellos, para seguir incorporando liquidez, para seguir asumindo as nosas competencias i sobre todo para que os concellos teñan á súa disposición máis fontes de financiación para seguir traballando polos veciños e polos concellos que son aos que representamos e os que nos elixen. Propoñemos á Diputación de Pontevedra que se recupere a Caixa de Anticipos, non ten outro nome, este plan propio, que existiu na Diputación fai uns anos, foi eliminado polo actual goberno da Diputación i era un instrumento o cal podían acudir os pequenos e medianos concellos da provincia de Pontevedra que con frecuencia, coas dificultades que cada exercicio se presentan, podían dispoñer dun fondo de liquidez inminente, inmediato i que por suposto tiñan que reintegrar na Diputación ao cabo duns anos. Era un fondo ademais que valía para que en



certos momentos, ante necesidades extraordinarias, ante situacións de cofinanciar obras, medidas, actuacións, a mellora de bens e servizos de titularidade municipal, puideran asumir o seu gasto i poder aportar os fondos propios necesarios para concurrir a elas. Hoxe en día faise necesaria outra vez que a Diputación de Pontevedra aprobe este instrumento como unha fonte de financiación aos concellos que lles permitiría acceder a máis subvencións, a poder concorrer a convenios e nun tempo no que ademais hai retos importantes pola crise económica, estar en igualdade de oportunidades que os concellos que teñen unha maior financiación, que son os grandes. En definitiva, un fondo que sería un alivio para as entidades locais da provincia ante situacións coma as que estamos a vivir, cunha inflación que asfixia as arcas dos nosos concellos e a prestación de servizos básicos, y para evitar ademais que teñamos na metade dun exercicio coma este, ter que renunciar a concorrer a proxectos de concurrencia competitiva, que son concedidos ós concellos y para os cales non hai posibilidade de cofinanciar tendo que renunciar moitas veces a obras e a servizos que son prioritarios. Por iso este fondo que podría ser consensuado cos propios concellos da provincia de Pontevedra, cunha cantidade máxima por municipio sería para afrontar as necesidades que todos queremos prantexar no ano 2023. Animamos á Diputación a que dea a batalla como voz e como defensor dos concellos pequenos e medianos, que o luns se entre por aquí convocando unha reunión a todos os alcaldes e alcaldesas da provincia de Pontevedra i que se lles pregunte si estarían de acordo en que a Diputación de Pontevedra no seu proxecto de orzamento para 2023 habilitará unha vez mais unha línea de axuda, de apoio, de cooperación como instrumento para os concellos da provincia de Pontevedra.

Sr. Presidente (Sr. Mosquera Lorenzo).- Grazas Sr. Cubela. Mire, este fondo suprimiuse por dificultades técnicas no seu momento e creo que siguen en vigor, polo tanto non creo que sea maneira, unha moción así pedindo sin, vamos, de recuperar o que creo que non hai ningunha posibilidade. Pero eu quero aproveitar para facer unha reflexión, os concellos á hora de prestar servizos son unhas auténticas máquinas, con pouco intentan prestar servizos e fano dunha maneira creo que absolutamente brillante, á hora de poñer disciplina, de ordenar as cousas e de esixir, somos bastante caóticos, por ser suaves, somos bastantes particulares, ¿vale?, e pónolle un exemplo, neste viaxe que fixemos estuvemos coa Alcaldesa de Pasaia, de Pasajes, Pasaia, e queixábase porque tiña sobre trece mil e pico habitantes, ten un orzamento de 24 millóns, máis do dobre por persoa do que teñen aquí a maioría dos concellos dese tamaño e máis pequenos, porque resulta que o gasto corrente lle estaba comendo todo, absolutamente todo, e só



lle quedaban tres centos ou catrocentos mil euros para investimentos que llo iba a papar a inflación. Bueno, non sei si esto serve de exemplo de que hai que poñer un pouquiño de orde e demais, e esta Diputación está facendo un esforzo con respecto ós concellos enorme e todos creo que recoñecido e demais pero os concellos á hora de poñer en orde o seu gasto, e poñer en orde a súa, os seus ingresos, pois digamos que algúns si e outros deixan bastante que desexar, e claro, estamos creando en palabras dun deputado que houbo aquí anos, que creo que, para min foi dos mellores que houbo aquí, paraísos fiscais, auténticos paraísos fiscais, ou sea, colle o concello e entonces di, mira, vou coller e di esto dáme, dáme para si, co da Diputación, é dicir, pero unha administración ten que estar algo folgada, igual que calquera familia, non podes dicir estou pendiente de ... ¿vale?, que é o que hai de fondo nesto, quero dicir, está moi ben pedir mais financiamento de quen sexa da Deputación, da Xunta, que cada unha terá as súas posibilidades, pero hai que empezar por poñer un pouquiño de orde, ¿verdá?, e non entrar nesa voráxene, que agora está de actualidade, pero nos concellos é bastante perseverante, vén de antes, de coller e, ¿non?, ou sea, eu poñer en orde uns ingresos, non, poñer non sei que, non, gastar todo o que faga falta e despois pedir noutros lados, creo que me entende perfectamente, enténdeme perfectamente, e eso vai haber que correxilo dalgunha maneira, creo que, evidentemente esto non llo vamos a votar a favor, porque esto nin é posible, nin ten informes de ninguén, nin vamos, é dicir, creo que nin é nin posible, polo que nos dixeron. Sr. Font, non sei si ...

Sr. López Font.- Si, si quero intervenir, agora cinco minutos, agora máis ou menos, ¿non? Sr. Cubela, mi utilización bilingüe de gallego, de galego e de castelán no obedece a tonos concretos, lo que ocorre, desde el respecto que le tengo,, cuando veo tanta hipocresía política desde luego le tengo que poner un poquito más de ardor en mi contestación. Miren, otro enésimo plan que piden ustedes aquí, de los muchos que han ido pidiendo, de los que no ponen en marcha evidentemente donde gobiernan. Lo he dicho en infinidad de ocasiones y lo repito, la Diputación de Pontevedra transfiere el 33,77%, la media nacional es el 20,9 y la Diputación de Ourense el 0,03%. Mire, me hablaba antes de preguntarle a los alcaldes por las mociones que ustedes presentan, lo que tiene que preguntar usted es a todos los alcaldes y alcaldesas quien quiere renunciar al Plan Concellos, pregúntele, pregúntele a todos los alcaldes y alcaldesas quien quiere renunciar al Plan Concellos y en la próxima sesión plenaria nos trae la renuncia. Por lo tanto, esta es una desde luego última ocurrencia de un fondo extraordinario porque claro es muy simpático que literalmente digan ustedes que



se negocien las bases con los concellos, bueno después de siete años aquí nos encanta, a mí me encanta este giro municipalista que da el Partido Popular, eso sí en donde gobiernan, insisto, ni rastro ni en la Xunta de Galicia. De todas formas nuestra más calurosa bienvenida a esta deriva municipalista como decía, pero ¿sabe lo qué ocurre?, que para que pueda ser creíble esta deriva municipalista nueva hay que tener credibilidad y ustedes no tienen credibilidad a la hora de reivindicar un reparto reglado; primero, por la Diputación de Ourense, segundo, por la Xunta de Galicia y, evidentemente, ustedes actúan con la mayor dedocracia donde gobiernan sin ningún rubor y además con nocturnidad; porque yo, de verdad, si fuera de un partido político que saca una convocatoria de subvenciones a las doce de la noche y a los nueve minutos está cerrada y el 80% de las subvenciones se las llevan los concellos de mi partido, es decir, del suyo no sabría dónde meterme debajo de ese escaño. Y además es que luego se afirma aquí que es esta moción a favor de los concellos pequeños, de la liquidez, de que los concellos pequeños tienen problemas para complementar las subvenciones que reciben de otras administraciones. Pero si esto es absolutamente falso Sr. Cubela, si en función del Plan Concellos los concellos empezando por los del Partido Popular que quieren complementar con el Plan Concellos las subvenciones que reciben de otras administraciones inclusive europea lo pueden hacer, no tengo tiempo pero le podría dar una larga lista, por lo tanto, esto es una prueba más de cinismo. Y luego claro, decir gratuitamente de los concellos pequeños, pero si los concellos de menos de 5.000 habitantes son los más favorecidos en este Plan Concellos y se puede demostrar por las cantidades. Pero es que además su cinismo llega a no reconocer que el Plan Concellos permite realizar estas aportaciones adicionales, hoy en el Reacon, antes en el DepoRemse, en Reequilibrio y también ahora en Ágora. Y luego, como le decía anteriormente, también omiten lo que permite la línea 2 del Plan Concellos que es pagar a Sogama, suministros eléctricos y demás. Bien, pues una vez refrescada la memoria sobre lo que significa este Plan Concellos, que se lo vuelvo a decir, le vuelvo a preguntar ¿Qué líneas de financiación tiene la Diputación de Ourense? ¿Qué le parece usted la propina esa de 50.000 euros?, si usted fuese Alcalde de Ribadavia, frente a los 744.000 que percibe el Concello de Cerdedo-Cotobade del Plan Concellos. Por lo tanto, también les podríamos preguntar sobre la Xunta de Galicia, donde gobiernan ustedes, porque ustedes se sienten muy del Partido Popular y hacen aquí expresa mención a ello, pero hay que ser consecuentes con cómo se gobierna, y me gustaría que me dijera porque no se aplica en donde gobiernan ustedes la transparencia, la igualdad de los concellos que preside todas las actuaciones de esta Diputación de Pontevedra desde el año 2015 en el que



decidimos gobernar de una determinada manera y hacer a los concellos maiores de edad. Gracias.

Reincorpórase de novo a Sra. Presidenta a sesión (tempo 01:27:12.00).

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. ¿Era a primeira intervención, verdad? Cando ..., de verdad, ¡eh!, ... (tempo 01:27:15.00 non se escoita, falla o equipo de megafonía). Ten a palabra.

Sr. Cubela López.- Escóitase, agora. Cando nos teñen que ver nun día nos ven nun día. Bueno, en definitiva vou intentar ser breve. Sr. Mosquera, que xa non está, vou a intentar non referirme a el porque acaba de marcharse pero despois de deleitarnos neses discursos infinitos aos que nos acariña aquí en cada debate que trae o Partido Popular unha moción, pois deberíamos de dicirlle que, oe, pertence a un partido que historicamente, ata que se empezaron a sentar nas cadeiras das diputacións, avogaba pola súa eliminación ... pois si queren que se eliminen todos os cartos que poidan os integran no Plan Concellos e actúan un pouquiño de coherencia. Miren, sempre van ó debate coa Xunta de Galicia ou a compararse con outras diputacións, este fondo, esta Caixa de Anticipos existe en diputacións gobernadas polo Partido Socialista, cítolles a tres: Sevilla, Huelva e Badaxoz, seguro que hai moitas máis. Este fondo existiu ... indistintamente por cada forza política as súas corporacións para ir a habilitación de gasto para aqueles compromisos que ó longo dun exercicio non podían asumir. Ben é certo que quen goberna a Diputación de Pontevedra nestes momentos é o PSOE de Vigo e o BNG de Pontevedra, dúas formacións políticas moi afastadas das necesidades e dos problemas dos concellos do rural e dos veciños da provincia de Pontevedra. Miren, non creo que teñamos nin que, non creo que esta moción se tivera que debatir, ata a propia Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente ten un fondo de cooperación para poder concorrir actuacións e reintegralas a 10 anos, pregúntenlle a un alcalde do Bloque, ó alcalde de Pontearreas, si Pontearreas non concurre a este fondo de cooperación. Sr. Mosquera, perdón, Sr. Font vostede quere levarme a un laberinto que é o que queren e non queren os alcaldes. ¿Sabe que é o que non quixeron, nin queren nin quererían os alcaldes de Pontevedra, de Galicia e de toda España? A incautación que vostedes propuxeron e que apoiaron na Federación Española de Municipios e Provincias, que preside o seu alcalde, para entregarlle ao Estado os remanentes líquidos de tesourería das administracións locais, i que foi parado e frenado por un fronte dos alcaldes do Partido Popular. Eso é o que non quixeron, nin querían, nin quererían



os alcaldes ..., (*non se escoita dende o minuto 01:30:21.03 ata o minuto 01:30:26.00*), cando vostede especifica tamén que para poder concurrir a subvencións i a convenios utilizamos o Plan Concellos o que nega i omite, é que iso retraémosllo ó Plan Concellos i que polo tanto deixamos de contar aí cos cartos que tiñamos do Plan Concellos xa para servizos directos sumen, multipliquen e estaremos con vostedes.

Sra. Presidenta.- Sí, ¿o seu vai Sr. Font? Agora si. ten a palabra Sr. Font.

Sr. López Font.- Pues fíjese Sr. Cubela que le voy hacer caso a lo de la calculadora, Orense tiene un plan de cooperación de 4,7 millones de euros y nosotros 43 millones de euros, acabo de hacer la cuenta y son diez veces menos. Pero es que la Diputación de Ourense transfiere un 0,03% de su presupuesto a los concellos y nosotros el 33,77%, utilizado de nuevo la calculadora da 1.125 veces menos la Diputación de Ourense que la Diputación en la que usted es alcalde del Concello de Cerdedo-Cotobade. Pero mire, voy a ponerle ejemplo, porque claro, dice usted que hablamos de la Xunta y de que hablamos de la Diputación de Ourense, ¡claro!, porque eso va en relación con la autoridad moral que tienen ustedes para plantear aquí determinadas cuestiones cuando donde gobiernan no lo ejercen. Les decía anteriormente que cada concello de la provincia de la Diputación de Ourense tiene 51.000 euros, hacen un desglose curiosísimo 48.000 euros y 3.000 para proyectos, que bueno, que ya es la bomba. Pero miren, les voy a poner ejemplos para que lo entiendan bien, todos los concellos de la provincia de Orense, 51.000 euros, un ejemplo de un concello de más de 20.000 habitantes de esta provincia, A Estrada 1.559.000 euros del Plan Concellos; un concello de casi 20.000 habitantes, O Porriño, 1.024.000 euros; un concello de máis de 10.000 habitantes, Vilanova de Arousa, 769.000 euros; Cerdedo-Cotobade, que usted lo conoce bien, que está en un poco más de 5.000 habitantes, 744.000 mil euros; es la tercera vez que se lo digo. Pero vayamos a los concellos pequeños, Oia algo más de 3.000 habitantes 467.000 euros y Mondariz Balneario, menos de 1.000 habitantes 488.000 euros; y todavía me preguntaba antes y decía de recabar la opinión de alcaldes y alcaldesas; si recabamos la opinión de alcaldes y alcaldesas de todos los concellos de la provincia sobre el Plan Concellos al que usted un día denominó “aspirina” pues seguro, seguro que es absolutamente favorable. Y esta es la realidad, aquí hay una cuestión, y es que lo que ustedes aplican es el modelo Baltar y el modelo Baltar es la marca del Partido Popular. Y, fíjese, le voy a concluir con el ejemplo más palmario, la ciudad de Ourense tiene 105.000 mil habitantes, percibe 51.000 euros. Usted es



alcalde de Cerdedo-Cotobade y percibe 744.000, dígame si no es para hablar de las formas de gobernar.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Sinto que teña que falar así Sr. Cubela pero, ten a palabra.

Sr. Cubela López.- É unha situación de anécdota. O Sr. Mosquera dixo que a solicitude do Partido Popular non conta con informes técnicos i que é ilegal, que os pidan é ilegal entón en Sevilla, en Huelva e en Badaxoz. Sr. Font, vostede me fala da Deputación de Ourense como se a Deputación de Ourense tivera o mesmo orzamento que Pontevedra; tamén podíamos falar da Deputación de Lugo; e ¡falemos da Deputación da Coruña!, que está gobernada polos mesmos partidos políticos ca de Pontevedra, que ten máis ou menos os mesmos recursos orzamentarios e financeiros ca de Pontevedra i fáganlle caso aos alcaldes Socialistas da provincia de Pontevedra que nesas manifestacións públicas na Voz de Galicia poñían de exemplo a gobernanza da Deputación da Coruña, onde todo céntimo que sobra vai para os concellos. I, ¡hombre!, está falando cun alcalde que leva once anos de alcalde, que fusionou o seu concello en contra do criterio da Deputación de Pontevedra con toda a operación de descrédito e con toda a operación de oposición ata o día de hoxe, i que na primeira oportunidade que puido, aos cinco anos fixese a Deputación da Coruña gobernado polo Psoe, cun concello fusionado como o de Oza-Cesuras, gobernado polo Partido Popular, nas mesmas circunstancias que en Pontevedra con Cerdedo-Cotobade, síguelle mantendo, 9 anos despois da fusión, o que sumaban na súa financiación os dous concellos por separado ata o día de hoxe no seu plan provincial. O primeiro que fixeron vostedes, o primeiro que fixeron vostedes en canto puideron foi eliminar o que sumabamos por separado, vostedes cargáronse a través do Plan Concellos a cifra de cincocentos mil euros en dous anos de financiación ao Concello de Cerdedo-Cotobade. Si quere falamos diso tamén pero polo tanto vamos a seguir falando do que nos trae. Pedimos que se habilite a Caixa de Anticipos, senón a queren habilitar xa está, van a votar que non, pero nós seguimos traendo aquí as propostas dos alcaldes da provincia de Pontevedra e xa lle digo coa que estarían de acordo os nacionalistas e os socialistas.

Sra. Presidenta.- Ben, rematado o debate sometemos a votación o punto 13 da orde do día ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda rexeitado por 15 votos en contra e 11 a favor.



O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, acorda por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do Partido Popular (PP), rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para instar á Deputación de Pontevedra á creación do fondo financeiro extraordinario de anticipos reintegrables.

14.7866.-**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Sra. Presidenta.- Asuntos fóra da orde do día. Non hai.

Non houbo.

Sra. Presidenta.- Pasamos á parte de información e control.

b) Parte de información e control:

15.7867.-**DAR CONTA DE RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 8 DE SETEMBRO DE 2022 (Nº REXISTRO 2022006390) TRAMITADA NO SERVIZO DE CONTRATACIÓN APROBANDO GASTOS DE EMERXENCIA (EXPTES. 2022059479-2022058007)**

Sra. Presidenta.- No apartado 15. Dar conta das Resolucións Presidenciais de 8 de setembro de 2022, tramitada no Servizo de Contratación aprobando gastos de emerxencia. Non hai intervencións, aquí me aparece a Sra. Pardo e o Sr. Cubela todo o rato, vale, pois, queda dada conta, queda dada conta.

Por Resolución Presidencial número 2022006390 de data 8 de setembro de 2022 acordouse adxudicar á empresa, OKANA-21, S.L, (CIF B-36409654), o contrato para a execución da obra “Reparación de paso superior no PQ 2+248 da EP-7201 Cachafeiro-Silleda (Concello de Forcarei)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 50.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

Nº Expediente	2022058007
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia “Reparación de paso superior no PQ 2+248 da EP-7201 Cachafeiro-Silleda (Concello de Forcarei)”
Trámite	Adxudicación



A Presidenta, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra “Reparación de paso superior no PQ 2+248 da EP-7201 Cachafeiro-Silleda (Concello de Forcarei)”.

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “...Con motivo das inspeccións nas obras de paso da rede provincial que se están a realizar compróbase que existe un importante dano estrutural nun paso superior existente no talude da estrada provincial EP-7201 Cachafeiro-Silleda, no punto quilométrico 2+248, no termo municipal de Forcarei. Trátase dunha estrutura de formigón con elementos prefabricados. Ten dúas liñas de pilas formadas por 4 fustes distribuídos dous a dous. Cada parella de pilas, con fustes de sección constante rectangular acaban nun dintel tamén de sección rectangular e sobre o que apoia o taboleiro.

O taboleiro é isostático de tres vanos formados por 6 vigas de sección rectangulares prefabricadas e pretensadas sobre as que apoian as prelosas e finaliza cunha losa de compresión. Os danos estruturais localízanse no taboleiro, onde fundamentalmente nas vigas se aprecian procesos de carbonatación que, combinado con baixos recubrimentos, producen roturas no formigón derivado do aumento de volume que sofre o aceiro activo e pasivo existente no interior do elemento. Proba diso son os grandes “desconchones” ou pérdidas de sección como é o caso dunha das vigas de borde onde ten saltado o recubrimento a causa da corrosión da armadura activa. Todo elo produce unha descompresión por falta de pretensado que agrava os esforzos de cortante e, xunto coa falta de armadura fronte a este esforzo, implica grandes riscos para a seguridade estrutural do elemento e, en consecuencia, do conxunto. En conclusión, faise preciso actuar de emerxencia para evitar o avance neste deterioro, garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores...”

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 50.000,00€ IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva



e á súa valoración exacta, proponéndose á empresa OKANA-21, S.L. (CIF B-36409654) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que con data 08/09/2022 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que se comprobou que existe un importante dano estrutural nun paso superior existente no taluda da estrada EP-7201 Cachafeiro-Silleda, no PQ 2+248 no Concello de Forcarei. Ditos danos estruturais producen roturas de formigón, perdas de sección de desconches a causa da corrosión da armadura activa, producindo unha descompresión por falta de prensado que implica grandes riscos para a seguridade estrutural do paso elevado como do conxunto. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico facéndose preciso actuar para garantir a vialidade e evitar danos e riscos para a seguridade do elemento, do conxunto e calquera risco de dano a maiores, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que senón se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme ó artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia”.

Considerando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202200179589 por importe de 50.000,00€ con cargo á vinculación



xurídica da aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de 18 de abril, e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro, e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,



1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación de paso superior no PQ 2+248 da EP-7201 Cachafeiro-Silleda (Concello de Forcarei)”.
2. Autorizar o gasto por importe de 50.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa OKANA-21, S.L., (CIF B-36409654) o contrato “Reparación de paso superior no PQ 2+248 da EP-7201 Cachafeiro-Silleda (Concello de Forcarei)”, por importe de 50.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	41.322,31 €
IVE (21%).....	8.677,69 €
Importe total.....	50.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

O prazo de execución estímase en DOUS (2) MESES.

Unicamente se executará o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais,



aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda á súa tramitación.

Más información en <https://sede.depo.es/>

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2022058007.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital na sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2022 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2022006390 de data 8 de setembro de 2022, tramitada no Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, aprobando gastos de emerxencia, por un importe global de 50.000,00 euros, IVE engadido.

O Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2022006390 de data 8 de setembro de 2022, pola que se adxudicou á empresa, OKANA-21, S.L, (CIF B-36409654), o contrato para a execución da obra “Reparación de paso superior no PQ 2+248 da EP-7201 Cachafeiro-Silleda (Concello de Forcarei)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 50.000,00 euros, IVE engadido.

16.7868.-DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE AGOSTO DE 2022 (EXPTEs. 2022059427-2022052429)



Sra. Presidenta.- No punto 16. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de agosto de 2022. Non hai tampouco intervencións, queda dada conta.

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de agosto de 2022, asinado polo Interventor e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con datas 8 e 9 de setembro de 2022, respectivamente, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra



incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de agosto de 2022 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES AGOSTO 2022

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Agosto	14,7070289065	4.509.619,41	15,5247961095	1.637.540,36	14,9248737080
Escola de Enfermería	Agosto	4,8167570318	2.613,47	0,0000000000	0,00	4,8167570318
Consorcio de Incendios e Salvamento	Agosto	14,0472589609	9.305,96	35,5239457241	14.547,90	27,1453777292
Consorcio Deza Tabeirós	Agosto	9,2860055700	6.871,16	12,7603975000	3.284,94	10,4097803484
TOTAL			4.528.410,00		1.655.373,20	14,9603266315

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2022 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de agosto de 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de agosto de 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.



17.7869.-DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS

Sra. Presidenta.- No punto 17. Dar conta das Resolucións Presidenciais. Non hai intervencións, queda dada conta.

Queda enterado o Pleno da relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 6 e 26 de setembro de 2022.

18.7870.-ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Presidenta.- E no punto 18, Rogos e preguntas. *(Non se escoita dende o minuto 01:37:31.05 ata o minuto 01:37:44.00)* ... pasar o micro, por favor.

Sra. Paz Lago.- No, agora, agora.

Sra. Presidenta.- ¡Ah!, pois si, pois ten a palabra entón.

Sra. Paz Lago.- Gracias Presidenta. Bo día a todos e a todas. Queremos trasladar un prego que vén dende os concellos, queríamos propoñer que se valore a posibilidade de volver a contar con, para os concellos, cun programa cultural como o actual Pontegal coas mesmas características, ¿non?, que, como se viña facendo, tendo a posibilidade pois de optar ás agrupacións e demais grupos e artistas, ¿non?, cunha redución do caché. Moitas gracias.

Sra. Presidenta.- Xa sabe vostede que a eliminamos con razóns claras e é que se poden financiar a través do Plan Concellos, e agora poden solicitálas colectivos, asociacións, ONGs e, polo tanto o Pontegal se mantén e está facendo posible que haxa moitas actuacións de todo tipo, de música, de danza, teatro, etc., etc., e xa lle digo con toda a claridade que non vamos a voltar a financiar eso para os concellos que o poden facer co Plan Concellos.

Sr. Cubela López.- ¿Escóitase?, ben. Bueno, tendo en conta que moitos concellos van atopar moitísimas dificultades para poder concorrer a línea que publicou a Deputación para as obras de emerxencia nas traídas de augas, e tendo en conta que o 90% das traídas de augas do rural son xestionadas por colectivos privados, por comunidades de usuarios de augas, propoñemos e solicitamos á Deputación



que habilite unha línea directa para as traídas, para as comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra. Moitas gracias.

Sra. Presidenta.- Vostede que é un home universitario, é un home que ten coñecementos do procedemento administrativo e das normas, sabe perfectamente que non podemos financiar obras privadas, ¿non?, que eso non está permitido, por eso no Plan de emerxencias 3.000.000€ fronte a 600.000 da Xunta de Galicia, para toda Galicia, tamén ten moito que ver coa falta de política seria da auga, ¿non?, que debería ter unha Comunidade Autónoma, nós 3.000.000 a Xunta 600.000. Nesas bases se contempla que os concellos poden solicitar recursos tamén para facer fronte a ese modelo de que chegue a auga aos veciños a través de esas entidades de augas, ¿non?, polo tanto xa está contemplado. En todo caso, eu creo que a quen si que lle debería vostede pedir eso é a Xunta de Galicia, que seguramente lle encantará a proposta xa que vostede a fai como membro do Partido Popular, seguro que aplaudirán, que dirán que boa idea tuvo o Sr. Cubela; i eu, igual que lle decía o Sr. Font, estou disposta a ir con vostede para que poidan atender a esas entidades que están por toda Galicia, sobre todo nos núcleos rurais. En todo caso, as propias bases contemplan que os concellos poden facer fronte tamén ás necesidades que teñen esas entidades, ¿non?, veciñais e privadas, que garanten a auga. Dende logo é bastante triste pensar que nunha comunidade, ¿non?, donde hai unha comunidade que ten miles e miles de millóns de euros, que van a recibir un 23% máis de recursos este ano, é triste pensar, ¿verdá?, que todavía non haxa un abastecemento global e que a Xunta o lidere, ¿non?, xa que vostede me fai este plantexamento pois eu aproveito para facer unha reflexión global sobre esta situación, ¿non?, de como, de como se xestiona a política da auga na nosa comunidade que certamente é bastante pouco axeitada.

Sr. Cubela López.- Si, intervindo por última vez, por terceira e última vez. Solicitaremos ó Secretario da Deputación cun tercio ... (*Non se escoita dende o minuto 01:42:18.10 ata o minuto 01:42:21.16*) informes sobre si a Deputación provincial como unha entidade local pode sacar unha convocatoria de subvencións a concorrència competitiva destinadas a colectivos como comunidades de usuarios de augas, algo que fan moitas deputacións, que fai a Xunta de Galicia ...

Sra. Presidenta.- Pero mire, esto non é unha pregunta nin un rogo i estamos en rogos...



Sr. Cubela López.- E recórdolle que a competencia de subministro de auga é municipal e local.

Sra. Presidenta.- Estamos en rogos, Sr. Cubela, Sr. Cubela, Sr. Cubela, mire que fun super riquiña todo o Pleno, ¡eh!, de verdá, e quero seguir sendo riquiña. Mire, vostede ten todo o dereito do mundo a solicitar o que considere, é máis, vostede o pode confirmar e é así, que cada cousa que nos preguntan, nos solicitan informes, sempre nos prazos máis breves que podemos lle contestamos. Así que, fágao e tendrá ese informe de Intervención, sin ningunha dúbida, en todo caso vóltolle a repetir que nas propias bases está contemplado, así que os concellos, home, poderán solicitar este tipo de axudas, que o fagan, ¿como que o teñen difícil?, ¿por que di vostede que o teñen difícil si son capaces de pedir recursos para 8.000€ cando foi do Plan E, despois 4.500, son capaces de presentar proxectos potentísimos en prazos brevísimos para o Reacon, para o Depo-Remse?, ¿por que non van a ser capaces de solicitar estas cuestións?. É máis, se algún ten dificultade, llo digo eu aquí a vostede, dígalle que chame ó SAIM, que lle intentaremos axudar, se hai algún que particularmente polo que sexa pois non teña a capacidade de poder presentalo. Dende logo pois non fai falta nin sequera que vostedes fagan uso de que teñen 11 Deputados e Deputados, pidan ese informe que, por suposto lles chegará, non teñan ningunha dúbida. E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as trece horas e corenta e sete minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

